



XUNTA DE GALICIA

Guía para a recompilación de datos e presentación de reclamacións derivadas dos custos orixinados por verteduras accidentais

Esta guía foi elaborada no marco do proxecto ARCOPOL (Atlantic Regions' Coastal Pollution Response). ARCOPOL ten como obxectivo a mellora das capacidades das autoridades locais e rexionais en canto á preparación, resposta e mitigación da contaminación marítima accidental. ARCOPOL está cofinanciado con fondos FEDER no marco do Programa Transnacional Espazo Atlántico.

Quixéramos expresar o noso agradecemento a Jesús Uribe, á Secretaría Xeral do Mar (Consellería do Medio Rural e do Mar, Xunta de Galicia), e aos Fondos Internacionais de Indemnización de Danos debidos á contaminación por hidrocarburos (FIDDI) polas súas achegas e revisión dos contidos desta guía.

ARCOPOL

A presente guía ten carácter meramente orientativo, e o seu contido carece de valor

Edición: Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR.

*Coordinación: Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño-INTECMAR,
Centro Tecnolóxico do Mar - Fundación CETMAR, Subdirección Xeral de Gardacostas de
Galicia - Consellería do Medio Rural e do Mar.*

Asistencia técnica: Ardora Formación e Servizos, S. Coop. Galega.

Tradución ao galego: Bruno Rama Álvarez de Ron.

Ano 2011

índice

5	1. INTRODUCCIÓN
6	2. MARCO XURÍDICO DE RESPONSABILIDADES POR VERTEDEURAS NO MAR
9	3. SISTEMAS DE COMPENSACIÓN POR DANOS DEBIDOS A VERTEDEURAS NO MAR
10	3.1. Hidrocarburos persistentes
12	3.1.1. Tipo de sinistros
13	3.1.2. Ámbito territorial
14	3.1.3. Danos indemnizables
16	3.2. Substancias Nocivas Potencialmente Perigosas
17	3.2.1. Tipo de sinistros
18	3.2.2. Ámbito territorial
19	3.2.3. Danos indemnizables
20	3.3. Combustible de buques
20	3.3.1. Tipo de sinistros
21	3.3.2. Ámbito territorial
22	3.3.3. Danos indemnizables
22	4. PRESENTACIÓN E AVALIACIÓN DE RECLAMACIÓN
27	4.1. Custos de limpeza e medidas preventivas
28	4.1.1. Consideracións xerais
29	4.1.2. Recomendacións
29	4.1.3. Memoria de actuacións e gastos
47	4.2. Danos aos bens
47	4.2.1. Consideracións xerais
48	4.2.2. Recomendacións
49	4.2.3. Memoria e informe de gastos. Caso práctico
57	4.3. Perdas económicas nos sectores de pesca, marisqueo e acuicultura
57	4.3.1. Consideracións xerais
62	4.3.2. Recomendacións
63	4.3.3. Memoria e informe de perdas. Caso práctico
73	4.4. Perdas económicas no sector turismo
73	4.4.1. Consideracións xerais
76	4.4.2. Recomendacións
77	4.4.3. Memoria e informe de perdas. Caso práctico
97	4.5. Custos das medidas destinadas a prever as perdas puramente económicas
97	4.5.1. Consideracións xerais
98	4.5.2. Recomendacións
99	4.5.3. Memoria de actuacións e gastos. Caso práctico

104	4.6. Danos ao medio ambiente e estudos posteriores á vertedura
104	4.6.1. Consideracións xerais
106	4.6.2. Recomendacións
107	4.6.3. Memoria de actuacións e gastos
114	5. BIBLIOGRAFÍA
116	6. ANEXOS
116	ANEXO 1. Programación diaria de actuacións
117	ANEXO 2. Relación de persoal con indicación de funcións e responsabilidades
118	ANEXO 3. Resumo mensual de horas de dedicación do persoal
119	ANEXO 4. Resumo mensual de custos de persoal por categorías
120	ANEXO 5. Resumo mensual de desprazamentos, manutención e gastos extraordinarios do persoal
121	ANEXO 6. Folla individual de desprazamentos en vehículo propio, manutención e gastos extraordinarios do persoal
122	ANEXO 7. Relación de maquinaria alugada
123	ANEXO 8. Relación de maquinaria adquirida
124	ANEXO 9. Control diario de stock de equipos e ferramentas
125	ANEXO 10. Relación de empresas provedoras
126	ANEXO 11. Relación de instalacións
127	ANEXO 12. Folla individual de uso de vehículos
128	ANEXO 13. Resumo mensual de control de vehículos
129	ANEXO 14. Control de transporte de residuos
130	ANEXO 15. Volume mensual de residuo retirado, por tipos
131	ANEXO 16. Relación de empresas autorizadas que realizan o transporte de residuos
132	ANEXO 17. Relación de material inventariable
133	ANEXO 18. Rendemento diario de actuacións

1. INTRODUCCIÓN

As verteduras accidentais de substancias contaminantes no mar provocan importantes danos nos ecosistemas litorais. A restauración destes ecosistemas supón un elevado custo para as entidades responsables da xestión dos espazos afectados e non sempre se logra devolvelos ao estado anterior á vertedura.

Por outra banda, este tipo de episodios carrega perdas económicas en distintos sectores produtivos, que ven afectada a súa actividade habitual pola necesidade de suspender a explotación, danos a equipamentos, instalacións e estruturas, perda de clientes e diminución de prezos, entre outros.

A responsabilidade civil xorde en relacións entre particulares e é esa figura legal a que obriga ao causante dun dano a indemnizar polo dano causado. Esta obrigación pode xurdir por incumprimento dunha relación obrigatoria preexistente (responsabilidade civil contractual) ou ben de casos nos que non exista tal relación obrigatoria previa (responsabilidade civil extracontractual). O tipo de responsabilidade civil xerada por danos provocados por mor da contaminación mariña é extracontractual.

España, do mesmo xeito que outros países, desenvolveu lexislación propia para atender a este tipo de situacións no seu territorio, a través de distintos mecanismos legais que establecen a obrigación de reparar o dano e compensar ás entidades e persoas afectadas. O artigo 45 da Constitución Española establece que os que incumpran a obrigación de utilizar racionalmente os recursos naturais e a de conservar a natureza estarán obrigados a reparar o dano causado con independencia das sancións administrativas ou penais que tamén correspondan. Por outra banda, o Código Civil, no artigo 1902 e seguintes establece a obrigación de indemnizar os danos producidos a un terceiro. Con todo, as medidas de indemnización nacionais resultarían insuficientes para cubrir todas as situacións posibles, xa que moitas das verteduras contaminantes se producen no mar, ben en augas internacionais ou fóra do ámbito de aplicación da lexislación estatal ou comunitaria, aínda que as súas consecuencias afecten ás augas e territorios nacionais.

A escala internacional atopamos un amplo consenso sobre a importancia de establecer a responsabilidade obxectiva (*strict liability*) para a contaminación mariña, sexan os contaminantes hidrocarburos ou calquera outro tipo de sustancia nociva potencialmente perigosa. O principio de responsabilidade obxectiva implica que as obrigacións contráense independentemente da existencia de culpa, dolo ou negligencia.

Esta guía desenvolveuse no marco do proxecto ARCOPOL e o seu obxectivo é facilitar ás entidades afectadas por unha vertedura accidental no medio mariño, sexan autoridades locais, asociacións, empresas e/ou particulares, a presentación de reclamacións destinadas a obter unha compensación económica polos danos sufridos.

Está baseada en gran parte nos manuais de reclamacións publicados por FIDAC, ITOPI/PIECA, EMSA, e na guía elaborada polo Consello Rexional de Bretaña e o Consello Rexional de Aquitania coa asistencia técnica de CEDRE no marco da Actividade 5 do proxecto ARCOPOL (*Local authority guide. What to do in the event of a spill?*).

2. MARCO XURÍDICO DE RESPONSABILIDADES POR VERTEDURAS NO MAR

Actualmente existen varios convenios internacionais que establecen fondos destinados a proporcionar unha indemnización ás entidades e particulares que sufrisen perdas económicas ou incorresen en gastos a consecuencia de verteduras no mar de hidrocarburos ou substancias nocivas potencialmente perigosas. Na seguinte táboa recóllense os principais convenios:

CONVENIO	TIPO DE PRODUCTO	CUSTOS CUBERTOS
<ul style="list-style-type: none"> ● Convenio Internacional sobre Responsabilidade Civil nada por Danos debidos a contaminación por Hidrocarburos, 1969 (Convenio CLC). Denunciado por moitos estados. Emendado por Protocolo de 1992, constitúe o Convenio do mesmo nome de 1992 (CLC 92) 	<ul style="list-style-type: none"> ● Hidrocarburos persistentes de orixe mineral procedentes dun buque de navegación marítima construído ou adaptado para transportar hidrocarburos a granel como carga 	<ul style="list-style-type: none"> ● Perda de bens ou danos sufridos por bens fóra do buque ● Perdas económicas debidas á contaminación ● Custos das medidas preventivas ● Custos de medidas de restauración do medio ambiente
<ul style="list-style-type: none"> ● Convenio Internacional sobre a Constitución dun Fondo Internacional de Indemnización de Danos debidos a Contaminación por Hidrocarburos, 1971 (FIDAC). NON está en vigor desde 24.05.2002 ● O emendado por Protocolos de 1984 e 1992, constitúe o Convenio do mesmo nome de 1992 (FUND 92) ● Fondo complementario constituído o 3.03.2005, amplía ata un terceiro nivel de indemnización aos estados asinantes do protocolo e unha vez que entre en vigor para ese estado 	<ul style="list-style-type: none"> ● Hidrocarburos persistentes de orixe mineral procedentes dun buque de navegación marítima construído ou adaptado para transportar hidrocarburos a granel como carga 	<ul style="list-style-type: none"> ● Perda de bens ou danos sufridos por bens fóra do buque ● Perdas económicas debidas a contaminación ● Custos das medidas preventivas ● Custos de medidas de restauración do medio ambiente


CONVENIO	TIPO DE PRODUTO	CUSTOS CUBERTOS
<ul style="list-style-type: none"> • Convenio Internacional sobre responsabilidade e civil nada de danos debidos a contaminación por hidrocarburos para combustible dos buques (Convenio BUNKERS 2001) 	<ul style="list-style-type: none"> • Hidrocarburos transportados como combustible do buque (incluídos lubricantes). 	<ul style="list-style-type: none"> • Perda de bens ou danos sufridos por bens fóra do buque por fugas ou descargas de combustible • Perdas económicas debidas á contaminación • Custos das medidas preventivas • Custos das medidas de restauración do medio ambiente
<ul style="list-style-type: none"> • Convenio internacional sobre responsabilidade e indemnización de danos en relación co transporte marítimo de substancias nocivas e potencialmente perigosas, 1996 (Convenio SNPP) • Emendado polo Protocolo de 2010 • Unha vez que o Protocolo SNPP de 2010 entre en vigor, o Convenio de 1996, emendado polo Protocolo de 2010, denominarase: "Convenio Internacional sobre responsabilidade e indemnización de danos en relación co transporte marítimo de substancias nocivas e potencialmente perigosas 2010" (Convenio SNPP de 2010)* 	<ul style="list-style-type: none"> • Substancias químicas de propiedades variables, recollidas en Convenios e Códigos da OMI destinados a garantir a seguridade marítima, e cuxo derramo ou contacto coa auga entraña riscos • Inclúen tanto as cargas a granel como as mercancías en vultos 	<ul style="list-style-type: none"> • Morte ou lesións corporais a bordo ou fóra do buque • Perda de bens ou danos sufridos por bens fóra do buque • Perdas económicas debidas á contaminación • Custos das medidas preventivas, por exemplo, as operacións de limpeza no mar e en terra • Custos das medidas razoables de restauración do medio ambiente

* Nin Convenio nin Protocolo sobre SNPP entraron en vigor nestas datas (31.12.2011)

No ámbito estatal, o Real Decreto 1616/2011, do 14 de novembro, polo que se regula o seguro dos propietarios dos buques civís para reclamacións de dereito marítimo, incorpora ao ordenamento xurídico español o disposto pola Directiva 2009/20/CE, relativa ao seguro dos propietarios dos buques para as reclamacións do dereito marítimo.

Este real decreto, en vigor desde o 31 de decembro de 2011, ten por obxecto establecer e regular a cobertura da responsabilidade de que deben dispoñer os propietarios dos buques civís para cubrir as reclamacións de dereito marítimo. Establece a obrigatoriedade de contratación dun seguro de responsabilidade civil para todos os buques civís nacionais de arqueo bruto igual ou superior a 300 toneladas, ou estranxeiros de iguais características que naveguen polo mar territorial do Estado español, independentemente da actividade que desenvolvan.

Segundo o seu artigo 5.2 "...os seguros ou demais garantías financeiras reguladas neste decreto cubrirán as reclamacións de dereito marítimo suxeitas a limitación de responsabilidade nos termos establecidos polo Convenio de 1996" e na súa Disposición Adicional única detállanse os réximes non afectados por este, como son o CLC 92, SNPP 96, BUNKERS 2001, Remoción de restos 2007, Regulamento (CE) 392/2009 do Parlamento e Consello sobre responsabilidade do transportista de pasaxeiros. Está claro que non afecta ao sistema de reclamacións obxecto de estudo neste caso, senón á capacidade dalgúns armadores a limitar a súa responsabilidade.



3. SISTEMAS DE COMPENSACIÓN POR DANOS DEBIDOS A VERTEDEURAS NO MAR

Neste capítulo descríbense os sistemas de compensación por danos causados por verteduras no mar de hidrocarburos persistentes, substancias nocivas potencialmente perigosas e combustible dos buques, así como o caso dos danos causados por buques civís no mar territorial do Estado

Español, proporcionando información sobre os tipos de sinistros e ámbito da indemnización.

É conveniente que as autoridades locais e autonómicas estean preparadas para presentar unha reclamación ante calquera potencial sinistro, elaborando e mantendo un rexistro fotográfico da costa onde quede

constancia do seu estado medioambiental antes de calquera incidente. Este rexistro debe ser actualizado con periodicidade anual. Para isto resultan de utilidade as ferramentas de cartografía fotográfica vía satélite, por exemplo Google Earth, sempre que teñan a precisión adecuada e sexan de data recente.

3.1. Hidrocarburos persistentes

O recoñecemento internacional da necesidade de contar cun sistema de indemnización que cubrise os danos ocasionados por unha vertedura de hidrocarburos de grandes proporcións xurdiu tralo sinistro do petroleiro Torrey Canyon en 1967.


En 1969 adoptouse o Convenio **internacional sobre responsabilidade civil nacida de danos debidos a contaminación por hidrocarburos**, ou Convenio de Responsabilidade Civil (tamén coñecido polas súas siglas en inglés CLC), que rexe a **responsabilidade dos propietarios de buques** polos danos de contaminación por hidrocarburos transportados como carga. Establécese o principio de responsabilidade obxectiva e créase un sistema de seguro obrigatorio. O propietario do buque ten dereito a limitar a súa responsabilidade ata unha contía que se relaciona co arqueo do seu buque.

Na actualidade este sistema componse de dous instrumentos: o Convenio **de Responsabilidade Civil (CLC)** e os **Fondos Internacionais de Indemnización (FIDAC)**.

Os FIDAC son tres organizacións intergubernamentais (o Fondo de 1971 - xa non está en vigor e soamente atende sinistros anteriores ao 24.05.2002-, o Fondo de 1992 e o Fondo Complementario de 2003), complementarias do Convenio de Responsabilidade Civil -o Convenio de 1969 foi xa denunciado por moitos países-, que establecen un sistema de indemnización se a cantidade dispoñible en virtude do devandito convenio é insuficiente para cubrir todas as reclamacións admisibles, e sempre que os danos se producisen nun estado membro dese fondo. Os FIDAC fináncianse mediante recadacións sobre determinados tipos de hidrocarburos transportados por mar, que son abonadas polas entidades que reciben hidrocarburos tralo seu transporte por mar.


As reclamacións por danos debidos á contaminación ocasionada por hidrocarburos persistentes poden promoverse contra distintos axentes, en función da magnitude dos danos:


1. O propietario **rexistral do buque** de onde proviñan os hidrocarburos que orixinaron o dano, **en virtude do CLC de 1992** . Todos os petroleiros que transporten máis de 2.000 toneladas de hidrocarburos persistentes a granel teñen que dispoñer dun seguro en caso de contaminación por hidrocarburos ata unha certa contía, en función da tonelaxe bruta do petroleiro. É dicir , existe unha limitación de responsabilidade segundo a capacidade de transporte do buque.
2. Se os reclamantes non obteñen unha indemnización plena do propietario ou a súa compañía de seguros, **o Fondo de 1992** poñerá á súa disposición unha indemnización adicional.



3. En 2003 adoptouse o Protocolo relativo ao Convenio de Fondo de 1992, que constituíu un **Fondo Complementario** para proporcionar indemnización adicional dos danos debidos á

contaminación nos Estados que son membros do Fondo Complementario -inclúe a España-. Réxese polos mesmos criterios de reclamación que o Fondo de 1992.




- 
1. O responsable último dos danos é o propietario do buque.
 2. Os buques que transporten máis de 2.000 toneladas de hidrocarburos persistentes deberán contratar un seguro que cubra a súa responsabilidade por danos, ata un límite establecido no Convenio de Responsabilidade Civil en función da capacidade do buque.
 3. Se os custos dos danos exceden esa contía establecida actívanse sucesivamente o Fondo de 1992 e o Fondo Complementario de 2003.

3.1.1. Tipo de sinistros

Os Convenios de Responsabilidade Civil e do Fondo de 1992 cobren sinistros nos que se produciu o derramo de hidrocarburos **persistentes de orixe mineral** procedente dun buque de navegación marítima construído

adaptado para transportar **hidrocarburos a granel como carga. Inclúe o derramo da carga de hidrocarburos e do combustible do buque.**




3.1.2. Ámbito territorial

Os convenios cobren os danos por contaminación ocasionados no territorio, o mar territorial e a zona económica exclusiva (ZEE) dos Estados Membros, entre os que se inclúe España. Non cobren os danos por contaminación en augas internacionais, pero si o custo das medidas que haxa que tomar nelas para impedir a contaminación da ZEE, mar territorial e/ou territorio dos Estados Membros.



**Fuente: Ministerio de Defensa
(Gobierno de España)**



3.1.3. Danos indemnizables

Para que unha reclamación sexa atendida debe entrar dentro da definición de danos por contaminación ou medidas preventivas do Convenio de Responsabilidade Civil de 1992 e do Convenio de Fondo de 1992.

Danos ocasionados por contaminación:

"perda ou danos causados fóra do buque pola impurificación resultante das fugas ou descargas de hidrocarburos procedentes dese buque onde queira que se produzan tales fugas ou descargas, aínda que a indemnización por deterioro do medio, separadamente da perda de beneficios resultante de devandito deterioro, estará limitada ao custo das medidas razoables de restauración efectivamente tomadas ou que vaian tomarse."

Medidas preventivas:

"todas as medidas razoables que tome calquera persoa despois de que se produciu un sinistro co fin de evitar ou reducir ao mínimo os danos ocasionados por contaminación". Inclúe os danos resultantes do tomar as ditas medidas preventivas.

Os tipos de danos por contaminación considerados son:

- Limpeza e medidas preventivas
- ☐ Danos aos bens
- ☐ Perdas consecuentes
- Perdas económicas
- ☐ Danos ao medio ambiente

Limpeza y medidas preventivas *

Medidas razonables de limpeza
Medidas preventivas
Limpieza y rehabilitación de fauna salvaje

Daños a los bienes

Limpieza, reparación o reposición de bienes contaminados

Pérdidas consecuentes

Pérdidas de ingresos sufridas por contaminación de los bienes

Pérdidas económicas

Pérdidas de ingresos derivadas del derrame que no conllevan directamente daños a los bienes

Daños al medio ambiente

Medidas de restauración que aceleren la regeneración natural del medio dañado
Estudios para determinar la magnitud de los daños
Estudios de evaluación de las medidas tomadas


* Contempla a adopción de medidas en alta mar ou mar territorial dun Estado non membro para evitar ou reducir danos no mar territorial ou ZEE dun Estado Parte, sempre que haxa risco grave e inminente de danos por contaminación, ata se non chega a ocorrer o derramo.

3.2. Substancias nocivas potencialmente perigosas

O Convenio internacional sobre responsabilidade e indemnización de danos en relación co transporte marítimo de substancias nocivas e potencialmente perigosas, 1996 (Convenio SNPP) ten por finalidade garantir a indemnización polos danos derivados deste tipo de substancias químicas, **a excepción dos hidrocarburos persistentes**.

O Convenio SNPP foi adoptado en 1996 na Conferencia Internacional organizada en Londres pola Organización Marítima Internacional (OMI), e está baseado no modelo dos Convenios de Responsabilidade Civil e do Fondo, que cobren os danos por contaminación causados por derramos de hidrocarburos persistentes procedentes de buques tanque.

En 2009, o Convenio SNPP aínda non entrara en vigor, debido a que non fora ratificado polo número mínimo de países. Nunha segunda Conferencia Internacional, celebrada en abril de 2010, adoptouse un Protocolo relativo ao Convenio SNPP (Protocolo SNPP de 2010), destinado a tratar os problemas prácticos que impediran a moitos Estados ratificar o Convenio orixinal.



O Protocolo SNPP de 2010 entrará en vigor 18 meses logo da data da súa ratificación por polo menos doce Estados, incluídos catro Estados cun arqueo bruto con non menos de 2 millóns de unidades cada un, e que reciban no ano precedente unha cantidade mínima de toneladas de carga suxeita a contribución.

En novembro de 2011 só oito países asinaron o Protocolo SNPP de 2010, polo que aínda non está confirmada a súa data de entrada en vigor.

Ata entón, a reclamación presentarase ante o propietario do buque e, de ser o caso, ante a súa compañía aseguradora.

Do mesmo xeito que no caso de hidrocarburos persistentes, o sistema de indemnización establecerá varios niveis. O primeiro nivel estará cuberto por un seguro obrigatorio contratado polos propietarios dos buques, os que

poderán limitar a súa responsabilidade. Nos casos en que o seguro non cubra un sinistro, ou sexa insuficiente para pagar a reclamación, o Fondo pagará un segundo nivel de indemnización, constituído polas contribucións dos receptores de SNPP.


3.2.1. Tipo de sinistros

As SNPP representan un amplo abanico de substancias químicas de propiedades variables que entrañan riscos para a saúde humana e para o medio ambiente, e inclúen tanto as cargas a granel como as mercancías en vultos. As cargas a granel poden ser sólidos, líquidos, incluídos os hidrocarburos e gases licuados. As substancias que presentan baixa perigosidade, tales como o carbón e o ferro, en xeral quedan excluídas do Convenio SNPP.

O Convenio SNPP contempla un número elevado de substancias, recollidas nas listas que se identificaron anteriormente en varios Convenios e Códigos da OMI para garantir a seguridade marítima e a prevención da contaminación. **O Convenio SNPP exclúe os danos ocasionados por contaminación debida a hidrocarburos persistentes.**




Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega



3.3.2. Ámbito territorial

O Convenio SNPP cobre todos os danos ocasionados no territorio e mar territorial dos Estados Parte, así como os danos por contaminación ocasionados na súa zona económica exclusiva (ZEE). Tamén cobre danos distintos dos ocasionados por contaminación causados por buques con pavillón dalgún Estado Parte fóra do mar territorial de calquera Estado.

Non cobren os danos por contaminación fóra da ZEE dos Estados Parte, pero si o custo das medidas preventivas que haxa que tomar para impedir a contaminación da ZEE, mar territorial e/ou territorio dos Estados Membros, onde queira que se tomen as ditas medidas preventivas.



3.2.3. Danos indemnizables

O Convenio SNPP considera os seguintes tipos de danos indemnizables:

- A morte ou as lesións corporais a bordo ou fóra do buque que transporta as SNPP.
- A perda de bens ou os danos sufridos por bens fóra do buque.
- As perdas económicas debidas á contaminación, por exemplo, nos sectores de pesca, acuicultura e turismo.
- Os custos das medidas preventivas, por exemplo, as operacións de limpeza no mar e en terra.
- Os custos das medidas razoables de restauración do medio ambiente.

3.3. Combustible dos buques

O Convenio Internacional sobre a responsabilidade civil nacida de danos debidos a contaminación por hidrocarburos por combustible dos buques (BUNKERS 2001) establece un réxime de indemnización polos danos debidos á contaminación de hidrocarburos utilizados como combustible dos buques. Este convenio desenvólvese baixo os principios e claves fundamentais do Convenio internacional por responsabilidade civil debida a contaminación por hidrocarburos (CLC 92), pero con algúns aspectos singulares propios:


1. O convenio establece a responsabilidade obxectiva do propietario do buque polos danos causados por contaminación e do custo das medidas preventivas adoptadas para evitar tales danos; pero **esta responsabilidade do propietario non é exclusiva nin excluínte**. Nos termos de BUNKERS 2001, propietario é o propietario rexistral, o arrendatario a casco espido, o xestor naval e o armador; e todos eles, de coexistir, **serían solidariamente responsables** das indemnizacións que se derivan da ocorrencia dos danos a que se refire a norma.
2. O propietario inscrito dun buque superior a 1.000 **toneladas** de arqueo bruto debe asegurar as responsabilidades que derivan de BUNKERS 2001. O importe da cobertura obrigatoria está limitado en función do arqueo do buque.

BUNKERS 2001 non se aplica aos buques de Estado nin naqueles supostos nos que resulte de aplicación o convenio CLC 1992 (vertedura de combustible desde buques tanque que transportan hidrocarburos persistentes).

En España, o BUNKERS 2001 entrou en vigor en novembro de 2008.


3.3.1. Tipo de sinistros

BUNKERS 2001 cobre os danos causados por hidrocarburos para combustible, entendendo como tales **todos os hidrocarburos de orixe mineral, incluídos os lubricantes, utilizados ou que se vaian utilizar para a explotación ou propulsión do buque e todo residuo destes**.



3.3.2. Ámbito territorial

O ámbito territorial de aplicación de BUNKERS 2001 circunscríbese ao territorio e augas dos Estado Parte para danos por contaminación, independentemente do lugar onde se atopase o buque no momento da vertedura. No caso das medidas preventivas, acéptanse aquelas destinadas a evitar ou minimizar os danos no territorio e augas dos Estados Membros, independentemente do lugar no que se tomaron.



3.3.3. Danos indemnizables

Os danos indemnizables en virtude da aplicación de BUNKERS 2001 son os seguintes:

- A perda de bens ou os danos sufridos por bens fóra do buque debidos á contaminación resultante da fuga ou descarga de hidrocarburos para combustible.
- As perdas económicas debidas á contaminación, por exemplo, nos sectores de pesca, acuicultura e turismo.
- Os custos das medidas preventivas, por exemplo, as operacións de limpeza no mar e en terra.
- Os custos das medidas razoables de restauración do medio ambiente.

4. PRESENTACIÓN E AVALIACIÓN DE RECLAMACIÓN

Calquera persoa ou entidade que sufriu danos por mor dunha vertedura pode presentar unha reclamación co fin de obter unha indemnización.

En función do tipo de vertedura, os mecanismos de reclamación serán distintos:

1. No caso de verteduras de hidrocarburos no mar desde un buque tanque, presentaremos a reclamación ao FIDAC.
2. No caso de verteduras de SNPP, dado que o Protocolo 2010 non entrou en vigor, a reclamación dirixirase ao propietario do buque e/ou á súa compañía aseguradora (P&I).
3. No caso de verteduras de combustible dos buques por parte de buques de arqueo bruto superior a 1000 toneladas, as reclamacións dirixiranse á compañía aseguradora¹ (P&I), pois o Armador (ou Propietario ou Xestor) ten obrigación de subscribir un seguro, segundo BUNKERS 2001, contra o que cabe a acción directa. Non obstante, sempre é bo costume reclamar tanto ao Armador (ou Propietario ou Xestor) como ao seguro.

¹ Os danos estarán cubertos polo seguro obrigatorio que establece o Convenio BUNKERS 2001, cun límite en función do seu arqueo, segundo as limitacións do Convenio de Londres de 1976.

4. No caso de danos provocados por un buque civil nacional de arqueo bruto igual ou superior a 300 toneladas, ou estranxeiro de iguais características que navegue polo mar territorial do Estado Español, as reclamacións dirixiranse ao propietario do buque, que en virtude do RD 1616/2011 (afecta a todo tipo de reclamacións de dereito marítimo suxeitas a limitación, non só ás de verteduras), poderá posteriormente limitar a súa responsabilidade².
5. En caso de danos provocados por buques civís de menos de toneladas, tamén se poderá reclamar ao Armador, que deberá responder da contaminación, aínda que non estea obrigado a subscribir seguro algún.

Ante unha contaminación de orixe descoñecida, a primeira dificultade é identificar ao causante, e con iso, a quen dirixir a reclamación. Xa que logo, o primeiro paso será poñernos en contacto coa administración local e autonómica para solicitar información sobre o causante e pescudar se hai outros afectados. Ademais, a intervención das administracións públicas faise imprescindible para a toma e análise de mostras, co fin de determinar se se trata de hidrocarburos persistentes, nese caso serían de aplicación o CLC e o FUND, ou se é un combustible, nese caso aplicaríase o BUNKERS. Para que sexan válidas como proba, as mostras deben ser tomadas por persoal autorizado seguindo un protocolo establecido.

Convén contactar con outras persoas ou entidades afectadas para preparar as reclamacións de compensación, independentemente de que cada un presente unha solicitude individual.

A continuación proporciónase información sobre como actuar á hora de presentar unha reclamación, así como recomendacións adaptadas ao tipo de danos sufridos. Dado que o réxime de indemnización por verteduras de hidrocarburos foi o primeiro en adoptarse e é o máis desenvolvido actualmente, consideramos que as recomendacións xerais acerca dos procedementos para solicitar unha compensación poden extrapolarse ao resto de tipoloxías de verteduras, polo que se tomarán como referencia os requisitos do FIDAC.

² Os danos estarán cubertos polo seguro obrigatorio que establece o Real Decreto 1616/2011.

En calquera reclamación que se presente resulta fundamental acoutar o ámbito no que se produciu, demostrar a razoabilidade das medidas adoptadas e relacionalo cos custos incorridos, tendo en conta os datos dispoñibles no momento en que foron adoptadas, e os resultados obtidos en relación coa evolución das circunstancias.



Fuente: Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia (Consellería do Medio Rural e do Mar)

Os convenios fan referencia reiteradamente aos termos "*medidas razoables*" e "*custos razoables*". Á hora de presentar unha reclamación co fin de obter unha compensación económica é importante xustificar que as accións adoptadas son proporcionadas nunha situación determinada, así como que a relación entre os resultados obtidos e o custo no que se incorreu é asumible.

Algúns orientacións acerca das medidas razoables:

1. Os beneficios ambientais das accións tomadas deben ser proporcionais á dimensión do problema e superiores aos posibles prexuízos que poidan supoñer.
2. A finalidade das medidas non é mellorar as condicións previas á vertedura, senón devolver o medio ao seu estado natural.
3. No caso das medidas de limpeza deben supoñer aceleración contrastada da recuperación natural.
4. Deben ser factibles tecnicamente nas condicións nas que se produciu a vertedura e a contaminación dos espazos



Algunhas orientacións acerca dos custos razoables:

O custo do persoal, servizos, maquinaria e equipamentos debe ser coherente cos prezos de mercado. No caso de custos relacionados con servizos -persoal externo, asesoramento, alugueres- é preciso xustificar as tarifas aplicadas. O custo/hora de servizos debe atoparse na media das tarifas dos profesionais do mercado local. Igual sucederá cos alugueres de instalacións, maquinaria, equipamentos e materiais adquiridos. No capítulo de persoal, é necesario xustificar o gasto con respecto aos custos salariais de mercado para a súa categoría profesional, responsabilidades e funcións.

Os custos de limpeza de bens non poden ser superiores aos de reposición. Acéptase a reposición cando non sexa posible limpar ou reparar os bens, ou ben estes custos sexan superiores aos de compra.

Nos danos aos bens tense en conta a súa vida útil e a súa antigüidade: non se indemniza o custo total de reposición, senón a parte proporcional á vida útil do artigo no momento da contaminación, en función da súa antigüidade.

! recuerda

En toda reclamación é imprescindible a presentación de documentación que xustifique:

- ÁMBITO E CUSTOS RAZOABLES
 - Que accións se levaron a cabo
 - Para que se realizaron
 - Quen as realizou
 - Cando
 - Onde
 - Con que medios
 - Canto custou

PRAZOS



Existen prazos para a presentación das reclamacións, polo que convén presentalas o máis axiña posible. Se pola natureza dos danos é preciso deixar pasar un período de tempo, convén informar ao FIDAC da intención de presentar unha reclamación posterior.

Se non se chega a un acordo co propietario, a aseguradora ou o FIDAC -segundo o caso-, pode presentarse unha demanda xudicial contra calquera deles antes de que pasen **tres anos desde que se produciu o dano e seis anos desde a data do sinistro**. Se non se presenta demanda e tampouco hai acordo antes de tres anos a partir do dano, o reclamante perde o dereito á indemnización.

Recomendacións xerais:

- a) Contactar co representante do propietario, compañía aseguradora e/ou oficinas do FIDAC o máis axiña posible, e mantelos ao tanto das accións levadas a cabo e o seu custo.
- b) Contactar coas oficinas centrais do FIDAC para solicitar información detallada sobre o procedemento de reclamación e posibilidade do establecemento dunha oficina de reclamacións no territorio afectado.
- c) Poñerse a disposición para colaborar cos peritos que designe o FIDAC para supervisar os labores de limpeza e avaliar as reclamacións.
- d) Recordar que é responsabilidade do reclamante demostrar os danos e prexuízos ocasionados pola contaminación mediante a achega da documentación apropiada ou outras probas.
- e) Adoptar as medidas necesarias para evitar que se produzan as perdas ou danos, ou para atenuar os seus efectos.
- f) Obter o impreso de solicitude de reclamación da compañía de seguros ou das oficinas do FIDAC e cubriilo, indicando claramente a fonte da contaminación (nome e matrícula do

barco), así como os datos da persoa ou entidade que presenta a reclamación.

- g) Gardar toda a documentación xustificativa dos danos sufridos e, no seu caso, as medidas adoptadas para evitalos e/ou minimalos, así como medidas de limpeza, reparación ou restitución. Xa que logo, é obrigado o mantemento dun rexistro documental no que se archive a documentación que apoie a reclamación.
- h) Evitar a realización de cuantificacións económicas fundamentadas en modelos teóricos ou no grao de culpa do infractor (se se produciu unha infracción) no cálculo da compensación, xa que non son susceptibles de indemnización.

4.1. Custos de limpeza e medidas preventivas

As operacións de limpeza en terra e no mar considéranse medidas preventivas, destinadas a previr ou minimizar os danos por contaminación. Isto incluíría:

Ámbito de actuación:

1. Medidas para protexer os recursos: despregue de medios de protección, traslado de exemplares de instalacións acuícolas, etc.
2. Operacións de limpeza: custo de persoal, aluguer ou adquisición de equipo e materiais. Custo de equipo almacenado en previsión de espera.
3. Almacenamento e xestión do produto vertido e materiais contaminados.
4. Custos de utilización de medios humanos e materiais adicionais dunha organización, incorridos como resultado do sinistro.



Ámbito de actuación:

5. Perdas ocasionadas polas medidas para previr ou reducir a contaminación, como o custo da reparación de danos ocasionados a instalacións como estradas ou peiraos.
6. Recuperación de fauna contaminada: captura, transporte, instalacións, tratamentos, materiais, medicamentos, persoal, etc.
7. Vixilancia aérea para determinar a magnitude de contaminación no mar e identificar recursos vulnerables a esta.
8. Operacións de salvamento que teñan como finalidade evitar os danos por contaminación -se o obxectivo é salvar ao buque e á carga non se terían en conta-.



4.1.1. Consideracións xerais

Non se aceptan reclamacións por custos de traballos que impliquen melloras en lugar de reparación dos danos resultantes da contaminación. Por exemplo, non considerarían melloras no estado dunha estrada que foi danada durante os labores de limpeza, pero si os custos da súa reparación, tendo en conta o seu estado anterior.


Se os traballos efectuados foron sufragados en parte ou totalidade a través de campañas de recollida de donativos, ou similares, deducirase do importe das indemnizacións dos fondos estas cantidades. Igualmente sucederá no caso de que o reclamante obteña ingresos pola venda do residuo recuperado.

É importante xustificar adecuadamente os criterios de execución das accións que se levan a cabo no operativo. Se se toman medidas que finalmente resultan ser ineficaces é preciso detallar as razóns e fundamentos nos que se baseou a toma de decisións, así como os resultados esperados e a causa da desviación. En caso contrario é moi

probable que os custos desas operacións non sexan compensados.

4.1.2. Recomendacións

- Realizar fotografías e vídeos das zonas afectadas en cada unha das fases de actuación: antes, durante e despois.
- Establecer a relación entre a contaminación e o buque implicado a través de todos os medios posibles: análises químicas, rexistros da traxectoria do buque, información sobre correntes, ventos e mareas, rexistros de seguimento da vertedura en superficie, rexistros de simuladores en circunstancias análogas, etc.
- Elaborar unha memoria de actuacións que acompañe á solicitude de indemnización, na que se describa o obxecto da reclamación, con detalle de actuacións e gastos. Ver epígrafe 4.1.3.
- Achegar á solicitude de indemnización unha copia dos documentos que xustifiquen a xestión apropiada dos labores de limpeza e decisións tomadas, como actas, informes de situación, decretos municipais e autonómicos en relación con prohibición de actividades na zona afectada, artigos de prensa, imaxes de TV, etc.
- Conservar un rexistro de toda a documentación enviada.



Fuente: Ministerio de Fomento (Gobierno de España)

4.1.3. Memoria de actuacións e gastos

Resulta fundamental acompañar a solicitude de indemnización cunha memoria detallada das actuacións, así como un informe que relacione as medidas adoptadas e os gastos nos que se incorreu. É importante evitar divagacións e presentar os datos de forma clara, concreta e concisa, co fin de facilitar a avaliación das reclamacións e evitar a solicitude de documentación complementaria.

Contido da memoria de actuacións e gastos:

- [?] Contextualización
- [?] Descrición do ámbito de actuación
- [?] Descrición e xustificación das operacións de limpeza
- [?] Fases do operativo
- [?] Custos de persoal
- [?] Equipos e maquinaria
- [?] Material funxible e desbotable
- [?] Loxística
- [?] Almacenamento, transporte e retirada de residuos
- [?] Outros gastos
- [?] Contía da reclamación
- [?] Anexos
- [?] Relación de documentación de apoio



Contextualización

Consiste nunha breve descrición dos danos que se pretenden reclamar, con indicación do período temporal polo que se reclama.

Descrición do ámbito de actuación

Para facilitar a descrición do ámbito de actuación é conveniente contar cun rexistro de fontes de información dispoñibles, con anterioridade ao sinistro, que inclúan datos socioeconómicos e ambientais, tales como índices de ocupación por sectores, instalacións no dominio marítimo terrestre, infraestruturas portuarias, mapas de sensibilidade ambiental, información sobre niveis de referencia de contaminación ambiental, espazos protexidos, fotografías da costa, etc.

CADRO RESUMO ÁMBITO DE ACTUACIÓN		
Límites administrativos: concellos comprendidos	Enumerar concellos.	Incluír mapas do territorio, cartas náuticas e fotografías aéreas.
Lonxitude afectada por concello (km)		
Lonxitude total do litoral afectado (km)		
Lonxitude por tipos de zonas ESI, afectadas (km)		Incluír mapa de sensibilidade ambiental da zona.
Espazos protexidos afectados (km ²)		Enumerar e facer referencia á figura de protección e lexislación correspondentes. Incluír mapa de situación.

* Ver *Cartografía de sensibilidade ambiental da costa galega*, Xunta de Galicia, Consellería do Medio Rural e do Mar.

Descrición das operacións de limpeza

É recomendable incluír unha descrición detallada das actuacións realizadas, indicando, para cada unha das fases do operativo, un cadro resumo das operacións de limpeza.



Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

1. Xustificación e criterios para a implantación das actuacións

Convén facer referencia a informes técnicos e científicos, actas de acordos, normativa ambiental, e outras evidencias que xustifiquen as decisións tomadas, con indicación de datas e lugares, se procede. Achegarase a documentación que se considere relevante.

2. Descrición dos lugares onde se realizaron os traballos

Indicarase claramente os tramos nos que se levaron a cabo as actuacións e o tipo de costa de que se trate, facendo mención da súa clasificación en función do índice de sensibilidade ambiental.

3. Descrición dos procedementos de actuación

Descríbese de forma xeral en que consiste o procedemento de actuación dos diferentes sistemas de limpeza utilizados.
Convén achegar un catálogo fotográfico dos distintos procedementos de actuación.

4. Medios mecánicos e efectivos empregados

Relación de medios mecánicos, con indicación de características e funcións no operativo.
Indicación do número de efectivos totais do operativo, separados por categorías profesionais.
Recoméndase achegar un catálogo fotográfico dos distintos tipos de maquinaria empregada.

5. Medidas destinadas a evitar danos indesexados e contaminación derivada das actuacións

Descrición e resultados.

6. Incidencias e observacións

Desviacións, medidas correctoras, imprevistos, etc.

FASES DO OPERATIVO. CADRO XERAL.								
PRIMEIRA FASE								
ACTUACIÓN	DATA INICIO	DATA FIN	SUPERFICIE (m ²)	RENDEMENTO DIARIO (m2)	Nº EFECTIVOS TOTAL	MAQUINARIA		
						TIPO	NÚMERO	TOTAL
RECOLLIDA MANUAL								
RECOLLIDA CON MEDIOS MECÁNICOS								
SEGUNDA FASE								
LIMPEZA CON AUGA A PRESIÓN								
DESPLAZAMENTO DE BLOQUES								
CRIBADO								
CORTE DE VEXETACIÓN								

EXEMPLO DE CLAVES DE IDENTIFICACIÓN DE MAQUINARIA			
TIPO DE MAQUINARIA	CLAVE	TIPO DE MAQUINARIA	CLAVE
MOTOBOMBA	1	CRIBADORA AUTOPROPULSADA	6
SKIMMER	2	CRIBA CON REMOLQUE	7
CAMIÓN GUINDASTRE	3	MÁQUINA HIDROLIMPADORA	8
RETROEXCAVADORA	4	MAQUINILLO EIRUGA	9
MINICARGADORA	5	GRUPO ELECTRÓXENO	10



recuerda

Cubrírase un cadro de fases do operativo análogo ao modelo xeral para cada un dos tramos de costa afectados, indicando a súa localización (concello e coordenadas).

É importante que durante o período que duren os labores de limpeza se cubra diariamente unha ficha de programación, na que se detallen os tramos de actuación, persoal asignado, maquinaria, horarios e observacións (ver modelo de ficha en anexo 1). Estas fichas quedarán arquivadas e servirán de base para a elaboración e documentación dos cadros resumo do operativo.

Custos de persoal

Poderá solicitarse indemnización polos seguintes conceptos relacionados cos custos de persoal:

-  Persoal contratado especificamente para os labores de limpeza ou posta en marcha de medidas preventivas.
-  Gastos de persoal propio dedicado a traballos administrativos ou de limpeza **relacionados directamente coa vertedura**.

En todo caso, deberá xustificarse detalladamente o número de persoas contratadas e a súa categoría profesional, horas de dedicación -ordinarias e extraordinarias-, custos salariais e outros. É importante, no caso do persoal propio, indicar que porcentaxe ou número de horas da xornada se dedicaron a tarefas relacionadas coa vertedura, pois son as únicas que darían dereito a indemnización. En caso de subcontratación séguense os mesmos criterios, indicando os datos identificativos da empresa ou empresas que realizan as tarefas.

É conveniente achegar como anexos do capítulo de persoal os seguintes documentos:

1. Relación de persoal con asignación de funcións e responsabilidades (anexo 2).
2. Follas de control mensual de horas ordinarias e extraordinarias (anexo 3).
3. Nóminas salariais.
4. Resumo mensual de custos de persoal por categorías (anexo 4).
5. Documentos xustificativos de cotización á Seguridade Social (TC2).
6. Follas de resumo de control de desprazamentos, manutención e gastos extraordinarios do persoal e follas individuais de gasto (anexos 5 e 6). Estas follas deberán acompañarse dos correspondentes recibos e facturas.
7. Documentación acreditativa das baixas médicas por incapacidade temporal que se produciron no operativo: partes de baixa por situación de incapacidade.

Equipos e maquinaria

Podemos considerar catro posibles modalidades de uso no capítulo de equipos e maquinaria:

1. Aluguer de equipos e maquinaria.
2. Equipos e maquinaria específicos adquiridos para o sinistro.
3. Equipos e maquinaria específicos dispoñibles *in situ*.
4. Equipos e maquinaria xa existentes, utilizados durante o operativo.



Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Para a intervención de maquinaria pesada de obra, o aluguer é a opción máis recomendable, posto que, se se contrata a prezo medio de mercado, recupérase a totalidade do gasto e a súa xustificación é máis sinxela.

No caso de equipamento ou maquinaria específicos (barreiras de contención, skimmers) pode optarse por calquera das opcións. O mantemento *in situ* de equipos específicos permite a actuación inmediata no caso de

vertedura, pero o seu principal inconveniente é a falta de garantías de recuperación total ou parcial do investimento (se non se produce un sinistro, non se recupera e, aínda no caso de que se produza, a porcentaxe de recuperación do investimento depende das súas dimensións).

Para rematar, se a organización utiliza nos labores de limpeza equipos e maquinaria propios, pero que non son específicos da loita contra a contaminación, senón que foron adquiridos previamente para outras funcións, tamén pode solicitar unha indemnización pola súa utilización.

Aluguer de equipos e maquinaria

No caso de aluguer de equipos e maquinaria a terceiros é necesario indicar detalladamente os datos do provedor, tipo de equipo utilizado, tarifas, período e lugar de utilización (anexo 7). Convén achegar varios orzamentos que xustifiquen que os gastos de aluguer abonados son adecuados ás tarifas vixentes no mercado.

Equipos e maquinaria específicos adquiridos para o sinistro

No caso de maquinaria específica adquirida para os labores de limpeza inmediatamente despois da vertedura, aplicarase unha taxa diaria de uso e un suplemento por gastos de mantemento, reparación e almacenamento durante o operativo, descontando o valor residual da máquina.

O suplemento por gastos de almacenamento, mantemento e outros extras equivale a unha porcentaxe do valor diario de amortización, polo que a base diaria de indemnización estimaríase do seguinte xeito:

$$\text{Tarifa diaria} = (\text{base de amortización} * (1+C)) / \text{período de amortización}$$

C: Coeficiente de gastos de almacenamento, mantemento e outros gastos. Se se xustifica que o uso real implica un alto custo deste tipo, o FIDAC podería chegar a aceptar o equivalente ao 100% do valor diario de amortización, polo que o seu valor sería 1. Noutros casos, tomaríase un valor inferior a 1.


Esta metodoloxía de cálculo xa inclúe os suplementos de mantemento e almacenamento.

Para o cálculo da indemnización é preciso coñecer:

- a) Base de amortización. Equivale ao prezo de compra, unha vez descontado o valor residual.
- b) Período de amortización. Está relacionado coa vida útil do equipo e depende do tipo de ben ao que nos refiramos. Ademais, un equipo pode estar formado por varios compoñentes cun período de vida útil distinto. De forma orientativa podemos indicar os períodos recomendados pola Axencia Europea de Seguridade Marítima (EMSA)³:

TIPO DE EQUIPO	EXEMPLO	VIDA ÚTIL
Maquinaria de uso específico	Xeradores, bombas de succión, skimmers	180 días
Equipos de plástico resistente	Colectores ríxidos, cubas de almacenamento, barreiras oceánicas	90 días
Equipos de plástico, caucho, goma	Barreiras absorbentes	30 días

CONSIDERACIÓNS:

-  Se o equipo está dispoñible, pero non chega a ser usado nas tarefas de descontaminación, aplicaríase unha tarifa diaria equivalente á metade da tarifa diaria de uso. Habería que xustificalo en cada caso.

³ EU STATES CLAIMS MANAGEMENT GUIDELINES, *Claims arising due to maritime pollution incidents*, EMSA, 2010.

EXEMPLO:

Skimmer, formado pola máquina e o equipamento complementario (mangueiras, xuntas)	
Prezo de compra da máquina:	40.000 euros
Prezo de compra do equipamento complementario	2.000 euros
Período de amortización da máquina	180 días
Período de amortización do equipamento complementario	30 días
Período de utilización efectiva	20 días
Período en espera (sen uso)	5 días
Valor residual da máquina-	2.000 euros
Valor residual do equipamento complementario	Desprezable

* Valor residual: valor económico do equipo unha vez finalizado o período de amortización.

Calcularase por separado a tarifa diaria de uso da máquina e de uso do equipamento complementario.

Para a máquina	
Indemnización diaria por uso	Indemnización diaria en espera
$(38.000 \text{ euros} * 1,5) / 180 \text{ días} = 316,66 \text{ euros/día.}$	$316,66 \text{ euros/día} * 50\% = 158,33 \text{ euros/día}$

Para o equipamento complementario	
Indemnización diaria por uso	Indemnización diaria en espera
$(2.000 \text{ euros} * 1,5) / 30 \text{ días} = 100,00 \text{ euros/día.}$	$100,00 \text{ euros/día} * 50\% = 50,00 \text{ euros/día}$

Imputouse un suplemento por almacenamento e reparación equivalente á metade do valor diario de amortización.

Total indemnización: Taxa máquina (uso e espera)+taxa equipamento complementario

Total: (316,66 euros/día *20 días)+ (158,33 euros/día* 5 días)
+ (100,00 euros/día *20 días)+ (50,00 euros/día* 5 días)

9.374,99 euros.



Os cálculos realizáronse para unha xornada efectiva de 8 horas diarias. As horas extraordinarias da maquinaria poden ser contabilizadas a efectos de aumentar a contía da solicitude de indemnización.

Pode ser conveniente solicitar unha peritaxe da máquina para valorar a súa vida útil tralos labores de limpeza, xa que levan consigo un alto desgaste.

Tamén se inclúe o custo de reposición de maquinaria que sufra danos superiores á reparación razoable, para o que hai que indicar os datos do equipo, provedor, antigüidade, custo de adquisición e circunstancias dos danos xustificadas por medio de fotografías, vídeo ou outro tipo de rexistro.

Recoméndase achegar unha táboa de gastos imputados por compra de maquinaria (anexo 8).

Equipos e maquinaria específicos dispoñible *in situ*

É factible a reclamación por custos de equipamento en situación de espera, pero non utilizado. Se unha autoridade pública, no marco dun programa de continxencia, adquiriu e mantivo equipos específicos que están dispoñibles para responder inmediatamente en caso dun derramo, é posible solicitar unha compensación polos devanditos equipos. Habitualmente aplícase nestes casos a metade da taxa de uso diario durante o tempo de espera, pero habería que xustificalo en cada caso.

EXEMPLO:

Skimmer, formado pola máquina e o equipamento complementario (mangueiras, xuntas)	
Prezo de compra da máquina	40.000 euros
Prezo de compra do equipamento complementario	2.000 euros
Período de amortización da máquina	180 días
Período de amortización do equipamento complementario	30 días
Período en espera (sen uso)	10 días
Valor residual da máquina	10.000 euros
Valor residual do equipamento complementario	400 euros

Calcularase por separado a tarifa diaria de uso da máquina e de uso do equipamento complementario.

Para a máquina:

A indemnización diaria polo período en espera sería a metade da indemnización diaria por uso:

Indemnización diaria por uso: $(30.000 \text{ euros} * 2) / 180 \text{ días} = 333,33 \text{ euros/día}$

Indemnización diaria en espera: $333,33 \text{ euros/día} * 50\% = 166,66 \text{ euros/día}$

Analogamente, para o equipamento complementario:

Indemnización diaria por uso: $(1.600 \text{ euros} * 2) / 30 \text{ días} = 106,66 \text{ euros/día}$

Indemnización diaria en espera: $106,66 \text{ euros/día} * 50\% = 53,33 \text{ euros/día}$

Total indemnización:

Tarifa máquina en espera+tarifa equipamento complementario en espera

Total: (166,66 euros/día +53,33 euros/día) *20 días

4.399,87 euros



Equipos e maquinaria xa existentes, utilizados durante o operativo

É posible solicitar unha indemnización polo uso de equipos propios, que a entidade xa posuía no momento do sinistro, e que se utilizaron durante o operativo de limpeza.

Referímonos aquí a equipos e maquinaria pesada de obra, por exemplo, que non son específicos de labores de descontaminación, senón que teñen un uso habitual diferente e xa foran adquiridos previamente pola organización para outras tarefas. Neste caso, existen varias opcións á hora de suscitar a reclamación:

- a) Solicitar unha tarifa diaria equivalente ao prezo de aluguer no mercado (achegando documentación que o apoie, como distintos orzamentos para unha máquina de prestacións similares).
- b) Solicitar a tarifa de amortización diaria máxima establecida pola Axencia Tributaria nacional para este tipo de bens, dado que, aínda que non se trata de maquinaria específica adquirida para labores de descontaminación, sufrirá un alto desgaste.

Neste segundo caso, para o cálculo da indemnización é preciso contar con:

- Período de vida útil da máquina.
- Coeficiente lineal máximo de amortización: porcentaxe máxima anual de amortización.
- Custos de almacenamento durante o operativo.

A Axencia Tributaria establece os coeficientes lineais e períodos máximos de amortización por sectores de actividade e tipos de bens. Xa que logo, habería que consultar os manuais do Imposto de Sociedades publicados pola

Axencia Tributaria para facer o cálculo da indemnización. Por exemplo, no caso de maquinaria, instalacións e vehículos para traballos de escavación, movemento, carga de pedras e terras para o aplanamento de terreos que adoitan utilizarse durante os operativos de limpeza derivados dun sinistro deste tipo, a Axencia Tributaria Española fixa os seguintes coeficientes lineais de amortización e períodos máximos para o ano 2010:

Tipo	Coficiente lineal de amortización
Sobre pneumáticos	15 %
Sobre eirugas	18%

EXEMPLO:

Máquina sobre pneumáticos	
Prezo de compra da máquina	160.000 euros
Valor residual da máquina	10.000 euros
Coficiente lineal máximo de amortización anual	15%
Período de uso	20 días
Gastos de almacenamento durante o operativo	100 euros

Neste caso, para calcular o período de amortización aplicamos o coeficiente lineal máximo (15%), debido a que o desgaste que sofren os equipos durante o seu uso diminúe a súa vida útil. Xa que logo, o período de amortización sería:

Base de amortización: Prezo de compra - valor residual: 150.000 euros


Cun coeficiente lineal de amortización do 15%, farían falta 7 anos para amortizar totalmente o ben.

A indemnización diaria por uso:

$$150.000 \text{ euros} / (250^4 \text{ días/ano} * 7 \text{ anos}) = 86 \text{ euros/día}$$

⁴ Estimación de 250 días laborables ao ano.

Total indemnización: Gastos por uso + gastos de almacenamento



Total: $(86 \text{ euros/día} * 20 \text{ días}) + (100 \text{ euros})$

1.820 euros

Material funxible ou desbotable.

Neste capítulo incluiremos os materiais e utensilios desbotables utilizados, como material de limpeza, pequenas ferramentas manuais que sufrirán un gran desgaste e serán irrecuperables ou equipos de protección individual.

É importante describir os materiais, para que se utilizaron e onde, así como a cantidade de unidades e o custo. No caso de que sexa necesario manter un stock de materiais e pequenas ferramentas, achegaranse as follas de control, con indicación periódica de entradas e saídas (anexo 9). Achegaranse as facturas de compra e documentación xustificativa de uso, para o que se terá habilitado un rexistro de entrega destas.

No caso de que se adquirisen materiais que non se chegaron a utilizar, indicarse na reclamación o valor de venda dos mesmos, que será descontado.

Resulta útil engadir un listado de dotación básica de ferramentas manuais e equipos de protección individual para cada unha das actividades realizadas, co fin de relacionar o volume do equipamento utilizado co número de xornadas efectivas.

Anexarase ao informe un listado de empresas proveedoras de materiais, con indicación do nome ou razón social, dirección e contacto (anexo 10).

Loxística

Considéranse os gastos de infraestrutura e transporte de persoas, equipos e ferramentas.

No apartado de infraestrutura inclúense gastos de instalacións, como oficinas -fixas e móbiles- e almacéns, tanto propios como alugados, así como os gastos correntes asociados (auga, luz, teléfono, etc.) No caso de instalacións propias é preciso xustificar en que medida se dedican ao operativo (total ou parcialmente, e, neste caso, que porcentaxe dos gastos se reclaman).

En todo caso, convén incluír un cadro resumo de instalacións, con indicación da súa situación, superficie, modalidade de uso (propia ou aluguer), período de utilización, finalidade e custo (anexo 11).

Con respecto ao transporte durante as operacións, é posible imputar os gastos de desprazamento tanto con vehículos propios ou alugados. Co fin de xustificar os devanditos gastos é conveniente que os condutores dos vehículos cubran unha folla diaria de desprazamentos na que consten, ademais dos datos de identificación do vehículo, as distancias percorridas, volume e custo de combustible, horarios de actividade e tarefas asignadas (anexo 12). Recoméndase recompilar a información de todos os vehículos utilizados nun cadro resumo (anexo 13).

No caso de vehículos en modalidade de aluguer achegaranse as facturas correspondentes, con indicación dos custos diarios.

Os desprazamentos puntuais de persoas pola súa conta poden xustificarse a través das follas de gastos de persoal (anexos 5 e 6), achegando os correspondentes recibos e facturas.

Transporte, almacenamento e eliminación de residuos

Considérase a indemnización por custo de transporte, almacenamento temporal (en instalacións intermedias) e eliminación definitiva dos hidrocarburos recuperados, así como de equipos de protección individual, útiles e ferramentas que non se poidan reutilizar e sedimentos contaminados.

Inclúense o aluguer de colectores e bañeiras para almacenamento e transporte, así como o aluguer de instalacións.

É fundamental levar un control da retirada de cada tipo de residuos, pois o custo de xestión é diferente. A obrigatoriedade do uso de guías de transporte para este tipo de residuos implica a existencia dun rexistro de cada porte realizado, que se pode plasmar nunha táboa resumo con distintos apartados segundo a natureza do residuo, indicando os correspondentes códigos europeos de residuos (CER) (anexo 14). Recoméndase incluír cadros resumo de custos de transporte e tratamento de residuos separados por tipoloxía (anexo 15).

No caso de que participen varias empresas no transporte de residuos é conveniente presentar unha relación destas, con indicación da razón social, datos de contacto, tarifas, volume e facturación realizada (anexo 16).

Os custos de aluguer de instalacións de almacenamento xustificaranse mediante facturas e contratos de arrendamento.

Os custos de tratamento de residuos xustificaranse mediante facturas e contratos de servizo, con indicación de custos unitarios e/ou tarifas aplicadas.

En caso de venda dos residuos recuperados, indicarase e documentarase na reclamación o valor económico alcanzado.

Outros gastos

Nesta epígrafe incluiremos outros gastos non contemplados con anterioridade, nos que se incorreu necesariamente a causa do sinistro:

Outros materiais inventariables

Tamén se incluírán os gastos de compra ou aluguer de material inventariable distinto de maquinaria e ferramentas, como valos de obra, sinais de tráfico ou informativos, material de seguridade e saúde (caixas de primeiros auxilios, extintores, etc.). Presentarase un inventario destes materiais (anexo 17).

Gastos de asesoramento

Contempla os custos de asesoramento para a presentación de reclamacións, con indicación das tarifas e horas de dedicación. Convén achegar os orzamentos de distintos profesionais aos que se solicitou oferta de servizos.

Contía da reclamación

A último epígrafe da memoria incluírá unha táboa coa contía total da reclamación, separada por conceptos:

CONTÍA DA RECLAMACIÓN	
CONCEPTO	IMPORTE EN EUROS
Persoal (Man de obra)	
Aluguer de equipos e maquinaria	
Uso de equipos e maquinaria dispoñibles <i>in situ</i>	
Compra de equipos e maquinaria: custo neto	
Materiais funxibles e desbotables	
Loxística	
Transporte	
Almacenamento e eliminación de residuos	
Outros custos	
TOTAL	

Anexos

Incluírase unha relación dos documentos presentados para apoiar a solicitude de indemnización, que facilite a localización da información detallada na memoria.

4.2. Danos aos bens

4.2.1. Consideracións xerais

Acéptanse reclamacións por custos de limpeza, reparación ou reposición de bens contaminados por hidrocarburos.

Algúns exemplos:

- Cascos de embarcacións, independentemente da actividade que realicen - profesionais, transporte de pasaxeiros, vixilancia, recreo, etc-.
- Motores e outros elementos de embarcacións.
- Redes e aparellos de pesca.
- Viveiros, bateas e gaiolas flotantes.
- Boias oceanográficas e equipos de balizamento ou sinalización.
- Instalacións de parques de cultivo de moluscos.
- Sistemas de captación de auga, maquinaria e equipo de instalacións que extraen auga de mar, como depuradoras de moluscos, cetarias e criadeiras de peces e mariscos.
- Estradas e infraestruturas - peiraos, diques, peiraos, etc.- danados nas operacións de limpeza.



Cando sexa posible, considerarase o estado dos bens antes do sinistro e, no seu caso, o calendario de mantemento corrente. Non se permite a realización de melloras nos bens, senón a súa restitución ao estado anterior ao sinistro.

Se non é posible limpar ou reparar os bens, acéptanse os custos de reposición.

No caso de reposición, para o cálculo da indemnización tense en conta a

antigüidade dos bens e a súa vida útil. Non se indemniza polo custo total do ben que se repón, senón polo seu período de vida útil no momento da contaminación (ver caso práctico na epígrafe 4.2.3)

4.2.2. Recomendacións

1. Poñerse en contacto coa oficina local de reclamacións do FIDAC para solicitar a visita dun perito. Conservar os bens danados ata a visita do perito.
2. En caso de imposibilidade de conservar os bens danados á visita do perito do FIDAC, recoméndase solicitar os servizos dun notario que levante acta da situación dos bens tralos danos causados. Convén xustificar a solicitude para poder imputar os custos dos servizos notariais na reclamación por danos. Non obstante, hai que recordar que os xustificantes presentados (fotografías, facturas, etc.) deben permitir que o FIDAC chegue ás súas propias conclusións sobre o dano. Se consideran que o uso de notarios non está xustificando, non cubrirían o seu custo.
3. En último caso, se resultase imprescindible destruír as probas do dano, ben por necesidade de limpar ou reparar os bens para o reinicio da actividade, ben por imposibilidade de almacenalos, é importante fotografar os danos.
4. A reportaxe gráfica -foto ou vídeo- dos bens danados é un elemento de proba importante, independentemente de que se produza ou non a inspección polo experto do FIDAC. É preferible realizalo no lugar onde se produciu a contaminación. Convén capturar planos xerais, onde se aprecie a situación do ben e planos de detalle. Se isto non é posible, realizaranse fotografías por separado dos bens danados e da súa situación no momento da contaminación. Para isto non é necesario un equipo profesional, pode utilizarse un teléfono móbil, asegurándonos de que as imaxes sexan de boa calidade. En caso de limpeza ou reparación, recoméndase incluír na reportaxe imaxes do devandito proceso.
5. É importante xustificar adecuadamente a toma de decisións en relación coa opción escollida para paliar os danos. Por exemplo, se se decide repoñer un ben contaminado ou danado é necesario achegar documentación que apoie esta decisión fronte á de

limpeza ou reparación -orxamentos de reparación e compra, declaracións de sinistro, etc.-.

6. Acompañar a solicitude de indemnización cunha memoria explicativa na que se detallen os danos por contaminación, e os seus gastos derivados.
7. Conservar copia de toda a documentación que se achega á solicitude de indemnización, independentemente da súa natureza -formularios cubertos, facturas, informes, vídeos, fotografías, etc.-

4.2.3. Memoria explicativa e informe de gastos. Caso práctico.

É importante acompañar a solicitude de indemnización cunha memoria explicativa dos danos por contaminación e gastos dos traballos de limpeza ou reparación ou, no seu caso, restitución dos bens contaminados. Debe ser clara e concisa, co fin de facilitar a avaliación das reclamacións e evitar a solicitude de documentación complementaria.

Contido da memoria:

● ● ● ●

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?



C	ión
o	Descrición dos danos
n	Descrición das reparacións ou operacións de limpeza
t	Custos de limpeza, reparación ou reposición
e	Outros gastos
x	Solicitude de indemnización
t	Anexos
u	Relación de documentación de apoio
a	
l	
i	
z	
a	
c	

Co fin de ilustrar os distintos apartados a desenvolver nunha memoria explicativa e informe de gastos descríbese a continuación un caso ficticio de danos os bens debidos a contaminación por hidrocarburos sufridos polo propietario dunha embarcación de pesca de cerco.

Contextualización

Consistirá nunha descrición a situación na que se produciu a

contaminación dos bens. Convén achegar datos de datas e situación dos bens no momento da contaminación.

Descrición dos feitos

O 16 de decembro de 2010 ás 23:00 horas o cerqueiro Carmen, con porto base no Grove, matrícula e folio 3ª VIL XXX atopábase efectuando o primeiro lance da xornada na zona de traballo situada a 1 milla ao S da Illa de Rúa, coordenadas (a,b). Durante a manobra de izado do copo a tripulación comprobou que tanto a rede como as capturas atopábanse impregnadas de hidrocarburo. Un integrante da tripulación realizou fotografías da estiba do copo contaminado en cuberta cun dispositivo de telefonía móbil (anexo I). A embarcación atopábase rodeada dunha mancha de hidrocarburos cuxas dimensións non puideron estimarse debido a que non se percibían os seus límites.

A contaminación da rede produciuse durante a manobra de largado. As artes de cerco son redes rectangulares de gran tamaño utilizadas para capturar peces peláxicos que nadan formando cardumes na columna de auga. Unha vez detectado o cardume co sonar lárgase a rede ao mar, rodeándoo. Logo péchase a rede e o peixe queda retido. A embarcación permanece ás escuras durante toda a manobra de largado.

Foi no momento do largado cando a rede entrou en contacto co hidrocarburo que flotaba na superficie da auga. Inmediatamente o patrón deu aviso por radio a Salvamento Marítimo e informou polo mesmo medio ás embarcacións que se atopaban na zona. A continuación puxo rumbo a porto e deu por finalizada a xornada de traballo.

Achégase plano de situación da zona de traballo onde se produciu a contaminación.

NOTA: Escolleuse un exemplo con rede de cerco debido a que resulta fácil que se contamine durante a manobra de pesca se existe unha mancha de hidrocarburos no mar. É unha modalidade de pesca que en Galicia se practica durante a noite, coas luces apagadas, cando a visibilidade é reducida, e ademais a rede entra en contacto coa superficie da auga durante a manobra. Noutras zonas a modalidade de cerco tamén é nocturna, pero

pero realízase utilizando unha embarcación auxiliar con luz artificial, de forma que en caso de presenza de hidrocarburos en superficie non deixarían de velo. Xa que logo resultaría difícil xustificar que se estragou toda a rede e non se deron conta ao largala de que había contaminación. En moitos casos é difícil xustificar as reclamacións de danos por contaminación con hidrocarburos en artes de pesca que se atopan calados no momento da chegada da vertedura, pois o hidrocarburo flota, polo que non dana os aparellos que se atopan no fondo. Si contaminaría os elementos flotantes, como as boias de sinalización. Se a contaminación se produce porque o reclamante levanta as redes⁵, que non estaban afectadas previamente, mentres o hidrocarburo está na superficie da auga, é moi probable que non se indemnicen os danos.

Descrición dos danos

Consistirá nunha descrición dos danos producidos, con indicación de datas.

A primeira avaliación dos danos en porto arroxou o resultado de contaminación do casco, cuberta da embarcación e rede de cerco.

A seguinte táboa describe a descrición dos bens e os danos por contaminación sufridos por estes.

DESCRICIÓN DE BENS E DANOS POR CONTAMINACIÓN

UNIDADES			
BEN	DESCRICIÓN Indicar	DANADAS	DANO Contaminación de
Rede de cerco	dimensións e materiais de construción. Indicar datos identificativos da embarcación:	1	2/3 do pano da rede e 2/3 da tralla de flotadores
Embarcación	matrícula e folio. Dimensións e materiais de construción	1	Casco e cuberta manchados de hidrocarburo

⁵ En ocasións é posible levar a embarcación a outro sitio para levantar o aparello, manténdoo a media profundidade, e meténdoo a bordo en augas limpas.

Os danos aos aparellos de pesca producíronse ás 23:00 horas do 16 de decembro de 2010.

Os danos no casco da embarcación producíronse entre as 23:00 e as 01:30 horas do día 17 de decembro de 2010.

Descrición das reparacións ou operacións de limpeza

Nesta epígrafe describiranse os traballos de reparación ou limpeza, con indicación das empresas que prestaron o servizo, datas de realización e descrición dos traballos realizados. Daranse todas as explicacións e detalles oportunos.

A continuación indícanse os traballos efectuados para a limpeza, reparación e reposición dos bens danados:

DESCRICIÓN DOS TRABALLOS			
BEN	TRABALLOS REALIZADOS	EMPRESA PROVEDORA DO BEN OU SERVIZO	DATA
Rede de cerco	Reposición de 2/3 do pano da rede e 2/3 da tralla de flotadores	Efectos Navales ABC, S. Coop. Galega	20/12/2010
Embarcación	Traslado de embarcación do peirao ao estaleiro e volta. Traballos de chorreo, pretratamento, pintura* e rotulación	Astilleros Cinco Hermanos, S.L	12/01/2011 ao 19/01/2011

* Só se aceptarían os gastos de pintura e rotulación se son necesarios para reparar o dano por contaminación.

Os labores de limpeza do casco da embarcación demoráronse debido á saturación existente nos estaleiros da provincia.

Custos de limpeza, reparación e/ou reposición

Indicaranse os custos de limpeza, reparación e/ou reposición dos bens danados, con indicación de custos de persoal, materiais, separados en custos/hora e custos unitarios.

Os custos de limpeza e reposición de elementos danados móstranse nas seguintes táboas:

LIMPEZA DO CASCO DA EMBARCACIÓN				
CONCEPTO	VOLUME (L)	CUSTO UNITARIO	SUBTOTAL	TOTAL (EUROS)
Pinturas	20	20,00 €	400,00 €	400,00 €
Disolventes	6	15,00 €	90,00 €	90,00 €
TOTAL MATERIAIS				490,00 €
MAN DE OBRA-CONCEPTO	Nº HORAS	CUSTO UNITARIO	SUBTOTAL	TOTAL (EUROS)
Enganche e traslado	12	25,00 €	300,00 €	300,00 €
Chorroado	16	25,00 €	400,00 €	400,00 €
Pretratamento	8	25,00 €	200,00 €	200,00 €
Traballos de pintura e rotulación	16	25,00 €	400,00 €	400,00 €
TOTAL MAN DE OBRA				1.300,00 €
TOTAL LIMPEZA DO CASCO				1.790,00 €

NOTA IMPORTANTE: Nas reclamacións por limpeza de barcos danados por hidrocarburos o FIDAC require información sobre o calendario de mantemento anual, que se terá en conta para calcular a indemnización debida á contaminación.

REDE DE CERCO			
UNIDADES	PREZO UNITARIO	SUBTOTAL	TOTAL (EUROS)
2/3	20.000 €	13.333,33 €	13.333,33 €

Outros gastos

Considera outros custos nos que se incorreu para a presentación da reclamación, como os gastos de asesoramento. É necesario especificar as tarifas e horas de dedicación. Convén achegar os orzamentos de distintos profesionais aos que se solicitou oferta de servizos.

No caso de que se contratasen servizos de notaría para levantar acta dos danos nos bens, inclúranse eses gastos na reclamación. É imprescindible xustificar as razóns que levaron a tomar a decisión de incorrer nese gasto, xa que se o FIDAC non o considera necesario non concederá indemnización por ese concepto.

Gastos de asesoramento

Inclúese factura de gastos dos servizos de xestión e elaboración de memoria de xustificación para a solicitude de indemnización por parte da empresa PEXGA, S. COOP. GALEGA, pola contía de 2.265 euros.

GASTOS DE ASESORAMIENTO					
EMPRESA	SERVIZOS PRESTADOS	CUSTO/HORA	Nº HORAS	SUBTOTAL	TOTAL
PEXGA, S. COOP. GALEGA	Xestión e elaboración de memoria de xustificación para solicitude de indemnización	32,00€	20	640,00€	640,00€

Gastos de notaría

Con data 18 de decembro de 2010 solicítase a inspección do perito do FIDAC na oficina local sita con carácter provisional na localidade de Pontevedra. Ante a previsión de demora da devandita inspección pola avalancha de solicitudes, decídese documentar os danos e solicitar os servizos dunha notaría independente, co fin de renovar a actividade pesqueira o máis axiña posible. Achéganse acta notarial dos danos no casco da embarcación e rede levantada pola Sra. Notaria Dona Elena Santos López, colexiada nº 8.324 do Ilustre Colexio de Notarios de Galicia, con data 19 de decembro de 2010 (anexo II) e reportaxe fotográfica (anexo III).

GASTOS DE NOTARÍA					
EMPRESA	SERVIZOS PRESTADOS	CUSTO UNITARIO	UNIDADES	SUBTOTAL	TOTAL
PÉREZ Y LÓPEZ NOTARÍA, S.L.	Levantamento de acta de danos por contaminación	200,00 €	1	200,00 €	200,00 €

Indemnización solicitada

A última epígrafe da memoria incluírá unha táboa coa contía total da reclamación, separada por conceptos. Inclúranse explicacións acerca da metodoloxía utilizada para a realización do cálculo da contía solicitada como indemnización en cada caso.

CONTÍA DA RECLAMACIÓN		
CONCEPTO	GASTOS INCORRIDOS	INDEMNIZACIÓN SOLICITADA
Limpeza do casco da embarcación	1.790,00 €	1.790,00 €
Reposición de rede de cerco	13.333,33 €	11.111,11 €
Gastos de asesoramento	640,00 €	640,00 €
Gastos de notaría	200,00 €	200,00 €
TOTAL	15.963,33 €	13.741,11 €

Os traballos de limpeza do casco limitáronse a restituílo ao seu estado orixinal, polo que se solicita unha compensación polo total do importe desembolsado.

Para os aparellos de pesca, as táboas de amortización da Axencia Tributaria establecen para o exercicio 2010 un coeficiente lineal máximo de amortización de 25% e un período máximo de amortización de oito anos. Xa que logo, a vida útil dun aparello novo está comprendida entre catro e oito anos. Neste suposto tomaremos como referencia a media de ambos os valores (seis anos). Dado que a rede danada tiña un ano de antigüidade (ver factura en anexo IV), considérase que a súa

vida útil no momento da contaminación era de 5 anos. Xa que logo, solicítase unha indemnización pola devandita rede dun 83,33% do seu valor de adquisición.



Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Anexos

Incluirase unha relación dos documentos presentados para apoiar a solicitude de indemnización, que facilite a localización da información detallada na memoria.



Alguns exemplos de posible documentación a anexar:

- [?]
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]

C	barcación
er	Certificado de navegabilidade
tif	Certificado de porto base da embarcación
ic	Licenza de pesca
a	Copia do rol da embarcación onde figure o despacho
d	do día que se produciu a contaminación
o	Carta náutica onde figure a situación dos bens no
d	momento da contaminación
e	Copia da póliza de seguro da embarcación
pr	Acta notarial de danos por contaminación
o	Fotografías dos danos e situación
pi	Orzamentos
e	Facturas
d	Xustificantes de pagamento de facturas (recibos de
a	transferencias bancarias)
d	Copia das táboas de amortización dos bens danados
e	
d	
a	
e	
m	

4.3. Perdas económicas nos sectores de pesca, marisqueo e acuicultura

4.3.1. Consideracións xerais

É posible presentar unha reclamación por perdas económicas debidas á suspensión ou diminución da actividade, perdas de clientes ou cota de mercado, diminución de prezos, etc., causadas directamente por unha vertedura.

O obxecto deste tipo de indemnización é compensar ao reclamante pola diferenza entre os ingresos previstos de non ocorrer o derramo e os que se produciron realmente. É o que se denomina lucro cesante ou perda consecuenta.

O criterio para conceder a indemnización e, no seu caso, establecer a contía, é determinar se **o conxunto da actividade comercial** do reclamante sufriu perdas económicas como resultado da contaminación.

A avaliación de reclamacións por perdas económicas baséase nunha comparación entre os resultados económicos durante o período da reclamación e os resultados dos períodos anteriores. Xa que logo, é necesario achegar documentación que permita realizar esta comparación, por exemplo, declaracións de impostos dos tres anos anteriores ao sinistro. A avaliación non se basea en orzamentos.

Se se trata dun negocio recente e non pode achegar documentación de exercicios anteriores, utilizaríanse referencias da redución de actividade de negocios similares na zona afectada.

! recuerda

A indemnización págase sobre a base dos beneficios brutos perdidos, de modo que deben deducirse os custos que non se producen a consecuencia do sinistro.

Estes custos variables son diferentes segundo a actividade comercial, aínda que poderían incluír subministracións (combustible, xeo, carnada, electricidade, pensos), transporte, man de obra, etc.

Tamén se deducen os ingresos adicionais como resultado do sinistro. Por exemplo, pagamentos ou indemnizacións correspondentes a pólizas de seguros ou axudas económicas por parte da Administración.



Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

recuerda

A indemnización por perdas económicas pode reclamarse independentemente de que se sufrisen danos aos bens.

Ámbito de actuación:


É susceptible de indemnización a perda de ingresos debida a:

1. Contaminación dos medios de produción (redes, maquinaria, captación de auga de mar, etc.)
2. Contaminación dos produtos do mar, procedan do medio natural ou de criadeiro.
3. Peche preventivo de mercados debido a medidas preventivas por razóns de seguridade alimentaria impostas pola Administración.
4. Suspensión temporal de actividade debido a acordos comerciais dos propios produtores como medida de protección de mercados.
5. Veda temporal para permitir a recuperación de determinadas especies comerciais afectadas por unha vertedura.

A indemnización por establecemento de vedas temporais sería máis sinxela de xustificar no caso de especies comerciais que se atopen localizables nunha zona concreta, como os moluscos situados en autorizacións ou concesións marisqueiras do intermareal. Ademais, a existencia de rexistros de mostraxes, con datos de densidade poboacional, biomasa e talla tomados periodicamente permitiría realizar unha comparación do estado dos recursos antes e despois da vertedura. Sería suficiente coa realización dunha mostraxe que demostrase mortalidade de individuos ou densidade poboacional inferior á habitual ou esperada. Tamén se poderían realizar probas para avaliar a viabilidade da descendencia dos moluscos.

No caso doutras especies comerciais das que non existan rexistros poboacionais ou cuxo hábitat teña uns límites máis difusos sería difícil probar que o caladoiro foi afectado e, xa que logo, presentar a dita reclamación.

Exemplos de posibles profesionais e entidades afectados:

-  Propietarios de embarcacións e as súas tripulacións
- Mariscadores/as que faenan a pé
- Titulares de instalacións de acuicultura, en mar ou en terra (bateas, gaiolas de engorde, parques de cultivo de moluscos, etc.)
- Redeiras/os*
- Persoas colaboradoras de armadores/as**
- Estibadores/as de peixe
- Almacenistas e detallistas de produtos do mar frescos
- Cocedoiros e viveiros de marisco
- Depuradoras de moluscos
- Empresas conserveiras e almacéns frigoríficos que traballen con produto local
- Entidades autorizadas para a descarga e primeira venda de produtos do mar
- Provedores de combustible, cebo fresco, xeo e outras subministracións



* Cada profesional tería que xustificar a diferenza entre a perda de ingresos debida á falta de actividade (se non se faena non se producen roturas de aparello que haxa que reparar, nin reposición por desgaste ou rotura) e os ingresos adicionais derivados da venda de aparellos destinados a repoñer os que foron danados por contaminación.

** Trátase de profesionais encadrados no Réxime Especial de Traballadores do Mar que desenvolven actividades ligadas a unha ou varias embarcacións, como a venda das capturas e outras xestións. Normalmente son familiares da persoa propietaria das embarcacións. Obteñen ingresos pola súa dedicación.

Para que unha reclamación por perdas económicas sexa aceptada é necesario demostrar a **relación causa-efecto** entre o sinistro de contaminación e a perda de ingresos. Non é suficiente que a vertedura se produciase.

Alguns factores que se teñen en conta son:

EXEMPLOS DE FACTORES QUE DEMOSTRAN A RELACIÓN CAUSA-EFECTO DA CONTAMINACIÓN		
FACTOR	EXEMPLO	OBSERVACIÓNS
Proximidade xeográfica	O caladoiro onde faena maioritariamente un pescador está contaminado.	Se existe posibilidade de faenar noutros caladoiros estimaríase a diferenza de ingresos.
	A principal toma de auga de mar dunha instalación atópase nun punto afectado pola vertedura.	Necesidade de valorar se é necesaria a paralización da actividade ou en que porcentaxe pode manterse ata a restauración das condicións anteriores.
Dependencia económica dos recursos ou bens afectados	<p>Embarcación con permiso para extraer percebe e polbo.</p> <p>Recurso afectado: percebe, debido á súa distribución espacial.</p> <p>Consecuencia da contaminación: o armador debe capturar polbo en lugar de percebe.</p>	<p>Existe a posibilidade de que a vertedura non afecte a todos os recursos dos que depende un pescador, ou non afecte a todos os seus aparellos, polo que pode seguir faenando.</p> <p>Supoñendo que os ingresos periódicos debidos á explotación do polbo sexan inferiores aos obtidos pola explotación de percebe, consideraríase a diminución de ingresos durante o período no cal non puidese capturar percebe debido á contaminación (ver caso práctico na epígrafe 4.3.3).</p>
Existencia doutras fontes de abastecemento ou oportunidades comerciais	Un detallista de peixe fresco podería comprar os produtos noutra lonxa ou punto de primeira venda.	Poderían compensarse as perdas debidas á escaseza de subministración e á subida de prezos por diminución da oferta.

Prohibición de extracción e destrución de produtos

No caso de perdas resultantes da destrución de produtos mariños ou prohibicións de pesca, extracción ou recolección non se considera que a decisión da Administración pública de impoñer estas prohibicións sexa xustificación concluínte para destruír o produto afectado pola prohibición.

É necesario demostrar mediante análise química e proba gustativa a contaminación dos produtos e/ou a alteración do sabor (sabor a hidrocarburos). Para iso realizaranse análises químicas e catas cegas de mostras sospeitosas, procedentes da zona afectada polo derramo, e mostras testemuñas, de zonas próximas situadas fóra da área contaminada.

Para avaliar se a destrución ou prohibición dos produtos é razoable o FIDAC ten en conta os seguintes factores:

- Se o produto estaba contaminado.
- A probabilidade de que a contaminación desaparecese antes do período normal de captura ou recollida.
- A probabilidade de que o produto fose comerciable no período normal de captura ou recollida.
- Se a retención do produto na auga impedise a produción en zonas adxacentes e/ou momentos posteriores.

4.3.2 Recomendacións:

1. En caso de mortalidade de produtos da pesca ou acuicultura contaminados, poñerse en contacto coa oficina local de reclamacións do FIDAC para solicitar a visita dun perito. Convén conservar mostras, tomar fotografías e solicitar os servizos dun notario que levante acta da mortalidade causada. Convén xustificar a solicitude para poder imputar os custos dos servizos notariais na reclamación.
2. Acompañar a solicitude de indemnización cunha memoria explicativa na que se detallen as perdas económicas.
3. Conservar copia de toda a documentación que se achega á solicitude de indemnización, independentemente da súa natureza

-formularios cubertos, facturas, informes, vídeos, fotografías,
etc.-

4.3.3. Memoria e informe de perdas. Caso práctico.

A finalidade da memoria explicativa que acompaña á solicitude de indemnización é establecer unha relación causa-efecto entre a contaminación e as perdas económicas do reclamante, así como proporcionar información detallada sobre a contía das devanditas perdas.

Contidos da memoria:

- Contextualización. Descrición técnica da explotación
- ☐ Natureza da perda e relación coa vertedura
- ☐ Medidas tomadas para reducir as perdas
- Valor da perda
- ☐ Aforros efectuados debido ao sinistro
- ☐ Outros gastos
- Ingresos de substitución
- ☐ Solicitude de indemnización
- ☐ Anexos



☐

☐

●

☐

☐

●

☐

☐

●

☐

☐

●

☐

☐

●

☐

☐

Co fin de ilustrar os distintos apartados a desenvolver nunha memoria explicativa e informe de gastos descríbese a perda de ingresos debidos a contaminación por hidrocarburos sufridos polo propietario da embarcación de pesca de cerco do caso ficticio descrito na epígrafe 4.2.3.

Contextualización. Descrición técnica da explotación

Consistirá nunha descrición da explotación. Convén achegar datos de antigüidade, número de empregados, volume anual de ingresos, plano de situación das instalacións ou caladoiros, e toda información que poida apoiar a reclamación.

O pesqueiro Carmen foi afectado por unha mancha de hidrocarburos durante a xornada de pesca nocturna do 16 ao 17 de decembro de 2010, na zona de

pesca situada 3 millas ao Sur da illa de Rúa, (coordenadas xx, yy). Os danos directos sufridos nese momento foron contaminación do casco da embarcación e contaminación dunha rede de cerco.

A actividade de pesca desenvolvida por esta embarcación é a única fonte de ingresos do propietario e a súa tripulación.

Natureza da perda e relación coa vertedura

Descrición do tipo de perda (perda de ingresos por contaminación, por peche de zonas de pesca, por caída de prezos, etc.) e en que medida pode relacionarse coa vertedura.

A consecuencia dos danos por contaminación sufridos pola embarcación Carmen, a súa actividade estivo paralizada desde o día 17 de decembro de 2010 ata o día 27 de xaneiro de 2011. Achégase copia do libro da actividade pesqueira como anexo I.

O 28 de xaneiro o propietario renovou a actividade nas zonas de pesca non afectadas pola vertedura. Durante o período comprendido entre o 28 de xaneiro e o 28 de febreiro a embarcación mantivo a súa media diaria de capturas, pero a falta de demanda de pescado fresco dos caladoiros rexionais debida á alarma social causada pola vertedura imposibilitou a súa venda. Con todo, as vendas das mesmas especies procedentes dos caladoiros do sur de Portugal alcanzaron o prezo esperado. As capturas da embarcación Carmen, do mesmo xeito que as de moitas outras embarcacións do noso porto base, foron destinadas á industria conserveira (sardiña) e fabricación de fariñas de peixe (xurelo), a un prezo moi inferior ao do mercado de peixe fresco⁶.

Dado o alto volume de oferta de especies peláxicas para a industria conserveira e a fabricación de fariñas, debido á falta de compradores en

⁶ En circunstancias normais a maior parte do produto nacional da pesca do cerco destínase á venda en fresco, só adoita ir á transformación en ocasións especiais (un exceso de oferta puntual ou acordos específicos con empresas que elaboran conserva gourmet ou artesanal). Algunhas empresas de transformación teñen os seus propios barcos ou ben compran en terceiros países a prezo menor que o do mercado nacional de fresco. Non obstante, cando o prezo do mercado fresco local cae estrepitosamente, ou o produto non ten comprador, os armadores envían o produto a empresas de transformación e adoita ser benvido. Nese caso normalmente é o empresario transformador quen ten maior capacidade para fixar o prezo, xa que a outra opción que lle queda ao armador é tirar o peixe.

fresco derivada da contaminación, os prezos derrubáronse a valores moi inferiores aos habituais nese sector (ver evolución de prezos do mercado de sardiña e xurelo para transformación, e facturas de ingresos por eses conceptos da embarcación Carmen no período xaneiro-marzo de 2009, 2010 e 2011, anexos II a IX)⁷.

Reclámense as perdas económicas correspondentes á falta de ingresos durante o período comprendido entre o 17 de decembro de 2010 e o 27 de xaneiro de 2011, así como á diminución de ingresos durante o período comprendido entre o 28 de xaneiro e 28 de febreiro de 2011, ambos os dous incluídos.

Medidas tomadas para reducir as perdas

Explicarase, no seu caso, cales foron as actuacións encamiñadas a evitar ou reducir as perdas, por exemplo, realización de actividades alternativas.

O reclamante adoptou as seguintes medidas, co fin de minimizar as perdas:

1. Solicitud inmediata de reparación dos danos que impedían a actividade. O mesmo día en que se produciu a contaminación dos seus bens, o propietario solicitou tres presupostos de reparación e información sobre os prazos de execución (ver anexos X a XII).
2. Reinicio da actividade en zonas de pesca non habituais. Ao día seguinte da reparación do motor, renovouse a actividade. Dado que o caladoiro de pesca habitual seguía contaminado, a actividade do período comprendido entre os días 28 de febreiro e 28 de marzo realizouse nunha zona de pesca non afectada, situada a maior distancia do porto base, co conseguinte incremento de gastos de combustible e tempo de travesía.
3. Substitución de clientes. A pesar de non atopar compradores para as capturas no mercado de peixe fresco, e do baixo prezo
do

⁷ Sería factible demostrar o volume de peixe que o armador descargou na lonxa, que parte se vendeu na propia lonxa e que parte foi destinada a transformación, así como os prezos de venda alcanzados (mediante un certificado de volume de descarga e vendas en lonxa para os períodos a comparar, e a presentación das facturas correspondentes emitidas polas empresas de transformación e/ou a lonxa)

- peixe para transformación, o propietario continuou coa actividade, en previsión de alza da demanda.
4. Diminución de custos de man de obra. Dúas persoas da tripulación quedaron en terra durante este período por vontade propia⁸.

Valor da perda

Indicarase a perda de ingresos estimada, con indicación do período contemplado, volume diario de vendas e prezos.

É importante describir como se realizaron os cálculos e indicar os ingresos durante os tres anos anteriores.

INGRESOS PREVISTOS NO PERÍODO AFECTADO	
ESPECIES	Sardiña+xurelo
VOLUME MEDIO DIARIO Kg	3.750
Nº DÍAS	48
% CAPTURA SARDIÑA	30
% CAPTURA XURELO	70
PREZO MEDIO SARDIÑA	0,90€
PREZO MEDIO XURELO	1,14€
INGRESOS SARDIÑA	48.600,00 €
INGRESOS XURELO	143.640,00 €
TOTAL	192.240,00 €

⁸ O FIDAC non fomenta o despedimento de persoal cando unha empresa ve diminuída a súa actividade a causa dun derramo. A idea é que, ao indemnizar o FIDAC á empresa, esta non debería verse en situación de prescindir dos seus empregados. Non obstante, se eses aforros de persoal se produciron, descontaríanse da indemnización.

A realización do cálculo da perda de ingresos realizouse tendo en conta os seguintes aspectos:

1. As especies peláxicas, obxecto da captura das embarcacións de cerco, distribúense en cardumes na columna de auga. A embarcación Carmen dedícase á pesca de sardiña e xurelo e efectúa habitualmente varios lances da rede ao longo da xornada laboral. En ocasións, en cada xornada captura só unha especie, pero é habitual que a embarcación chegue a porto con xurelo e sardiña.
2. A porcentaxe de xurelo e sardiña nas capturas diarias da embarcación é variable ao longo do ano. Para o período decembro-marzo estímase unha relación de 30% de sardiña e 70% de xurelo, en base aos rexistros de venda en lonxa dos tres anos anteriores (ver anexo XIII).
3. O volume máximo diario de capturas da embarcación é de 5.000 kg (500 caixas de 10 Kg). Non obstante, tomouse como referencia a media de capturas dos tres anos anteriores durante o mesmo período (achégase disposición na que se fixan as cotas diarias de pesca por embarcación de cerco no caladoiro para embarcacións de pesca, anexo XIV)
4. O prezo medio das distintas especies estímase a partir das vendas efectuadas polo reclamante durante o mesmo período nos tres anos anteriores (ver facturas de venda en lonxa, anexo XV a XXX).
5. O número de días fíxose tendo en conta as xornadas hábiles de pesca do período de reclamación, tendo en conta:
 - a) A xornada semanal de pesca de cerco iníciase o domingo por a tarde e finaliza o venres pola mañá, con desembarcos diarios. Xa que logo, nunha semana se faenan 5 xornadas nocturnas seguidas).
 - b) Os sábados, domingos e días festivos non hai venda de peixe, polo que durante a xornada nocturna anterior non se pesca.
 - c) Son días festivos o 25 de decembro, 1 de xaneiro e 6 de xaneiro.

MES	DIAS HÁBILES	DÍAS DE ACTIVIDADE DA EMBARCACIÓN	DÍAS HÁBILES SEN ACTIVIDADE
DECEMBRO	10	0	10
XANEIRO	18	2	16
FEBREIRO	20	20	0
TOTAL	48	22	26

Aforros efectuados debido ao sinistro

Nesta epígrafe detallaranse todos aqueles gastos variables nos que non se incorreu debido á paralización ou diminución da actividade, relacionados con subministracións, man de obra, servizos ou outros gastos, calquera que sexa a súa natureza.

Os custos non incorridos en relación co sinistro relaciónanse cos capítulos de consumos, servizos de descarga e venda en lonxa e salarios. Non se descontan os gastos de cotización á Seguridade Social, pois os traballadores non foron dados de baixa.

GASTOS PREVISTOS CONSUMOS				
CONCEPTO	VOLUME MEDIO DIARIO	Nº DÍAS	CUSTO UNITARIO	SUBTOTAL
Combustible	300	48	0,57 €	8.208,00 €
Xeo	1.500	48	0,05 €	3.600,00 €
Caixas	400	48	0,10 €	1.920,00 €
TOTAL SUBMINISTRACIÓNS				13.728,00 €
GASTOS DE SERVICIOS				
CONCEPTO	BASE DIARIA	Nº DÍAS	%	SUBTOTAL
Venda	4.005,00 €	48	7	13.456,80 €
Descarga	4.005,00 €	48	1	1.922,40 €
TOTAL SERVICIOS				15.379,20 €

Outros aforros

GASTOS PREVISTOS MAN DE OBRA				
CONCEPTO	CUSTO MEDIO DIARIO	Nº DÍAS	Nº PERSOAS	SUBTOTAL
Salarios	120,00 €	48	8	46.080,00 €
TOTAL MAN OBRA				46.080,00 €
TOTAL GASTOS				75.187,20 €

Outros gastos

Considera outros custos nos que se incorreu para a presentación da reclamación, como os gastos de expertos contables. É necesario especificar as tarifas e horas de dedicación. Convén achegar os orzamentos de distintos profesionais aos que se solicitou oferta de servizos.

Nas reclamacións por perdas económicas o FIDAC non require que a documentación sexa certificada por un notario, polo que non aceptarían os gastos incorridos por ese concepto.



Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

Gastos de asesoramento

Inclúese factura de gastos dos servizos de contabilidade e elaboración de memoria de xustificación para a solicitude de indemnización por parte da empresa PEXGA, S. COOP. GALEGA, pola contía de 2.265 euros.

GASTOS DE ASESORAMIENTO				
EMPRESA	SERVIZOS PRESTADOS	CUSTO/HORA	Nº HORAS	TOTAL
PEXGA, S. COOP. GALEGA	Xestión e elaboración de memoria de xustificación para solicitude de indemnización	32,00 €	20	640,00 €

Ingresos de substitución

Detallaranse todos os ingresos por actividades de substitución ou alternativas que o reclamante perciba durante o período de reclamación.

A continuación expóñense os ingresos e gastos derivados da venda de peixe para a industria conserveira e fabricación de fariñas:

INGRESOS PREVISTOS NO PERÍODO AFECTADO	
ESPECIES	Sardiña+xurelo
VOLUME MEDIO DIARIO Kg	3.750
Nº DÍAS	48
% CAPTURA SARDIÑA	30
% CAPTURA XURELO	70
PREZO MEDIO SARDIÑA	0,20 €
PREZO MEDIO XURELO	0,17 €
INGRESOS SARDIÑA	4.950,00 €
INGRESOS XURELO	9.817,50 €
TOTAL	14.767,50 €

GASTOS DE VENDA DE PEIXE PARA TRANSFORMACIÓN				
GASTOS PREVISTOS CONSUMOS				
CONCEPTO	VOLUME MEDIO DIARIO	Nº DÍAS	CUSTO UNITARIO	SUBTOTAL
Combustible	300,00 L	22	0,57	3.762,00 €
Xeo	1.500,00 Kg	22	0,05	1.650,00 €
Caixas	400,00 unidades	22	0,1	880,00 €
TOTAL SUBMINISTRACIÓN				6.292,00 €
GASTOS DE SERVIZOS				
CONCEPTO	BASE DIARIA	Nº DÍAS	%	SUBTOTAL
Venda	431,25 €	22	7	664,13 €
Descarga	431,25 €	22	1	94,88 €
TOTAL SERVIZOS				759,00 €
GASTOS PREVISTOS MAN DE OBRA				
CONCEPTO	CUSTO MEDIO DIARIO	Nº DÍAS	Nº PERSOAS	SUBTOTAL
Salarios	30,00 €	22	6*	3.960,00 €
TOTAL MAN OBRA				3.960,00 €

*Dous dos tripulantes non participaron na actividade pesqueira durante este período, polo que a tripulación reduciuse a 6 persoas.

Xa que logo, os ingresos de substitución da venda de peixe para transformación ascenderían a 3.756,50 €.

Indemnización solicitada

A última epígrafe da memoria incluírá unha táboa coa contía total da reclamación, separada por conceptos. Inclúranse explicacións acerca da metodoloxía utilizada para a realización do cálculo da contía solicitada como indemnización en cada caso.

A contía solicitada en concepto de indemnización por perdas económicas correspóndese co lucro cesante derivado da paralización da actividade durante o período de reparación dos danos da embarcación debidos á contaminación, e da diminución de ingresos do período inmediatamente posterior por mor da caída da demanda de peixe fresco dos caladoiros locais.

CONTÍA DA RECLAMACIÓN	
CONCEPTO	IMPORTE €
Paralización da actividade	192240,00 € -
Aforros efectuados	75187,20 €
Ingresos de substitución	-3756,50 €
Gastos de asesoramento	640,00 €
	113.936,30 €

TOTAL

Anexos

Incluirase unha relación dos documentos presentados para apoiar a solicitude de indemnización, que facilite a localización da información detallada na memoria.

Algúns exemplos de posible documentación a anexar:

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?

?

C
e
r
t
i
f
i
c
a
d
o

de propiedade da embarcación

Certificado de porto base da embarcación

Copia da licenza de pesca ou permiso de explotación

Copia do libro da actividade pesqueira

Certificado de depósito do rol da embarcación en
Capitanía Marítima, para xustificación de paralización da
actividade

- Certificados de vida laboral dos traballadores/as
- Dotación da tripulación da embarcación con embarques e desembarques: copia das correspondentes páxinas das libretas de embarque

Algúns exemplos de posible documentación a anexar:

- Declaracións tributarias e documentos contables dos tres últimos exercicios
- Certificados de vendas en lonxa dos tres anos anteriores, cos importes e volumes de vendas separados por especie e por mes
- Informes de prezos alcanzados polas especies peláxicas procedentes de caladoiros da zona do sinistro e doutras zonas non afectadas
- Evolución de prezos do mercado de sardiña e xurelo para transformación nos tres últimos anos
- Facturas de ingresos por vendas de peixe para transformación (industria conserveira e fariñas de peixe) durante o período afectado
- Disposición legal na que se fixan as cotas diarias de pesca
- Disposición legal na que se establece a prohibición de pescar na zona afectada
- Copia da póliza de seguro da embarcación

4. 4. Perdas económicas no sector do turismo

4.4.1. Consideracións xerais

Neste capítulo abordaremos as reclamacións por lucro cesante das empresas ou profesionais do sector do turismo a consecuencia directa dunha vertedura.

O obxecto deste tipo de indemnización é compensar ao reclamante pola diferenza entre os ingresos previstos no seu negocio de non ocorrer o derramo e os que se produciron realmente.

O criterio para conceder a indemnización e, no seu caso, establecer a contía, é determinar se **o conxunto da actividade comercial** do


reclamante sufriu perdas económicas como resultado da contaminación.

A avaliación de reclamacións por perdas económicas baséase nunha comparación entre os resultados económicos durante o período da reclamación e os resultados dos períodos anteriores. Xa que logo, é necesario achegar documentación que permita realizar esta comparación, por exemplo, declaracións de impostos dos tres anos anteriores ao sinistro. A avaliación non se basea en orzamentos.

Se se trata dun negocio recente e non pode achegar documentación de exercicios anteriores, utilizaríanse referencias da redución de actividade de negocios similares na zona afectada.



! recuerda



A indemnización págase en relación cos beneficios brutos perdidos, é dicir, reclamaríase a diferenza entre os ingresos perdidos e os gastos incorridos para obter os devanditos ingresos, excluídos impostos e amortizacións.

Non se descontarían os custos fixos que o propietario afrontaría durante este período (seguros, aluguer de liña telefónica, aluguer de instalacións,...).

Si se descontarían os custos que non se producen a consecuencia do sinistro. Estes custos variables son diferentes segundo a actividade comercial, aínda que poderían incluír subministracións (auga, electricidade, materias primas, combustible), man de obra eventual, etc.

Tamén se deducen os ingresos adicionais como resultado do sinistro. Por exemplo, no caso dun hotel, se se compensaron as perdas de pernoctación de turistas cos ingresos producidos por aloxamento do persoal de limpeza do operativo.

! recuerda

A indemnización por perdas económicas pode reclamarse independentemente de que se sufrisen danos nos bens.

Así mesmo, dedúcense os pagos ou indemnizacións correspondentes a pólizas de seguros ou axudas económicas por parte da Administración.

Ámbito de actuación:

É susceptible de indemnización da **perda directa de ingresos** procedentes da venda de artigos ou servizos aos turistas, tales como:

- Aloxamentos
- Restauración e cafetería
- Actividades de lecer na natureza: aluguer de piraguas, visitas en barco, mergullo recreativo, navegación a vela, surf, etc.
- Rutas guiadas pola costa
- Recordos, artigos de praia, equipos para a práctica de deportes náuticos, etc.
- Transporte privado de pasaxeiros (servizos de aluguer de vehículos con/sen condutor e taxis)



Para que unha reclamación por perdas económicas sexa aceptada é necesario demostrar a **relación causa-efecto** entre o sinistro de contaminación e a perda de ingresos. Non é suficiente con que a vertedura se produciuse. Algúns factores que se teñen en conta son:

EXEMPLOS DE FACTORES QUE DEMOSTRAN A RELACIÓN CAUSA-EFECTO DA CONTAMINACIÓN		
FACTOR	EXEMPLO	OBSERVACIÓNS
Proximidade xeográfica	A actividade principal da empresa consiste en rutas guiadas pola costa afectada	Se existe posibilidade doutro tipo de ingresos, por exemplo, dando apoio ao persoal do operativo de limpeza, estimaríase a diferenza de ingresos
Dependencia económica do litoral afectado	Quiosco de praia situado nunha zona afectada	Non existe posibilidade de deslocalizar a actividade do negocio
Existencia doutras fontes de abastecemento ou oportunidades comerciais	Compensación da perda de turistas co gasto efectuado polo persoal do operativo de limpeza	Non é factible para todo tipo de actividades afectadas

recuerda

NON se indemnizan as perdas sufridas polos negocios que proporcionan servizos ou subministracións a empresas do sector turístico (almacenistas, servizos de lavandería de hotel, fabricantes de recordos, etc.)

As potenciais perdas económicas cuantificables no conxunto do sector turístico que non son reclamables poden ser superiores ás reclamables ao FIDAC.

4.4.2. Recomendacións

1. Se o reclamante é socio dalgunha entidade asociativa que represente os intereses da actividade turística local, poñerse en

- contacto coa organización, co fin de solicitar información acerca da situación de empresas similares.
2. Acompañar a solicitude de indemnización cunha memoria explicativa na que se detallen as perdas económicas.
 3. Conservar copia de toda a documentación que se achega á solicitude de indemnización, independentemente da súa natureza -formularios cubertos, facturas, informes, vídeos, fotografías, etc.-.

4.4.3. Memoria e informe de perdas. Caso práctico

A finalidade da memoria explicativa que acompaña á solicitude de indemnización é establecer unha relación causa-efecto entre a contaminación e as perdas económicas do reclamante, así como proporcionar información detallada sobre a contía das ditas perdas.

O FIDAC considera que non todos os negocios nunha zona turística veranse necesariamente afectados por un descenso de turistas en relación cun derramo. A modo de exemplo, algúns hoteis teñen clientela maioritariamente turista pero outros poden ter clientela de negocios, que non tería por que diminuír. Por iso, ao valorar unha reclamación, o FIDAC ten en conta todos os posibles factores que poidan intervir nas perdas dun negocio determinado.

Contidos da memoria:

- Contextualización. Descrición técnica da explotación
- Natureza da perda e relación coa vertedura
- Medidas tomadas para reducir as perdas
- Valor da perda
- Custos variables do negocio. Aforros efectuados debido ao sinistro
- Outros gastos
- Ingresos de substitución
- Solicitude de indemnización
- Anexos

Co fin de ilustrar os distintos apartados a desenvolver nunha memoria explicativa e informe de gastos descríbese a perda de ingresos debidos a contaminación por hidrocarburos sufridos polo propietario dun hotel de 3 estrelas, con servizo de restaurante-bar.

Contextualización. Descrición do negocio

Consistirá nunha descrición da explotación (hotel, pensión, restaurante, establecemento de turismo rural, apartamentos turísticos cafetería, café-bar, negocio de venda de artesanía, venda de artigos para o turismo, establecemento de deportes náuticos, outras instalacións de lecer, etc.)

Convén achegar datos de antigüidade, número de empregados, plano de situación das instalacións, capacidade da empresa no exercicio actual e nos últimos tres anos (superficie, prazas, etc.), período de apertura, etc.

Tamén se indicarán as tarifas, vendas e volume anual de ingresos dos últimos tres anos, así como toda información adicional que poida apoiar a reclamación.

A capacidade do negocio indicarse do seguinte xeito:

ESTIMACIÓN DA CAPACIDADE DO NEGOCIO				
TIPO DE NEGOCIO	UNIDADE DE ESTIMACIÓN	EXEMPLOS DE TARIFAS SEN IVE	PRODUTO MÁIS VENDIDO	
			NOME	PREZO SEN IVE
HOTEIS	Nº de habitacións	Prezo por habitación dobre en tempada alta		
PENSIÓNS	Nº de habitacións	Prezo por habitación dobre en tempada alta		

ESTIMACIÓN DA CAPACIDADE DO NEGOCIO				
TIPO DE NEGOCIO	UNIDADE DE ESTIMACIÓN	EXEMPLOS DE TARIFAS SEN IVE	PRODUTO MÁIS VENDIDO	
			NOME	PREZO SEN IVE
EDIFICIOS DE APARTAMENTOS TURÍSTICOS	Nº de apartamentos	Prezo por apartamento en tempada alta		
CAMPINGS	Nº de prazas	Prezo por praza en tempada alta		
RESTAURANTES	Nº de cubertos	Prezo do menú básico en tempada alta		
CAFETERÍAS	Superficie	Prezo da consumición media		
COMERCIOS	Superficie	Prezo medio de compra por cliente		
LUGARES DE VISITA	Superficie	Prezo da entrada		

*Indicar capacidade dos apartamentos

** Desagregar por tipo de praza (cabana, caravana, tenda)

O Hotel Marejada é un establecemento de tres estrelas, aberto en xaneiro de 2007 e situado a 50 m da praia da Concordia (ver plano de situación en anexo I). Dispón de 45 habitacións dobres, servizo de lavandaría, salón social, amplos xardíns e zonas verdes con piscina exterior, restaurante, cafetería, aparcadoiro, wifi gratuito, información turística e xogos de mesa.

A praia da Concordia é un dos areais afectados pola vertedura. Achégase informe de estado da costa afectada (anexou II) e plano de situación do hotel (anexo III).

A capacidade da empresa en 2010 e a súa evolución nos tres últimos anos figura no seguinte cadro:

CAPACIDADE DO NEGOCIO			
ANO	ALOXAMENTO	RESTAURACIÓN	CAFETERÍA
	Nº DE HABITACIÓNS	Nº CUBERTOS	SUPERFICIE m ²
2007	45	100	200
2008	45	100	200
2009	45	100	200
2010	45	100	200

As tarifas dos servizos, días de apertura e rotación son os que se relacionan a continuación:

ALOXAMENTO	Nº HABITACIÓNS	PREZO POR HABITACIÓN	DÍAS MÁXIMOS	ROTACIÓN MÁXIMA DIARIA
	45	60,00 €	365	1
RESTAURACIÓN	Nº CUBERTOS	PREZO MENÚ	DÍAS MÁXIMOS	ROTACIÓN MÁXIMA DIARIA
	100	15,00 €	365	2
CAFETERÍA	Nº POSTOS	PREZO CONSUMICIÓN BÁSICA	DÍAS MÁXIMOS	ROTACIÓN MÁXIMA DIARIA
	100	2,00 €	365	5

O negocio abre durante todo o ano.

Natureza da perda e relación coa vertedura



Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

A demanda turística paralizouse o 17 de decembro a raíz da vertedura contaminante que afectou a contorna do negocio. Canceláronse todas as reservas previas e non houbo demanda para períodos posteriores. Non obstante, recibíuse demanda de aloxamento e servizos para o persoal do operativo de limpeza da costa, polo que a actividade se mantivo, aínda que a niveis inferiores dos habituais, ata a finalización de devandito operativo, o día 28 de febreiro de 2011.

Durante os meses posteriores á vertedura e á finalización do operativo de limpeza o negocio permaneceu aberto pero apenas houbo actividade, debido á anulación das reservas e falta de demanda por parte de novos clientes. Entre o 17 de decembro de 2010 e o 15 de maio de 2011 canceláronse un total de 1.452 pernactacións.

Nese período realizáronse campañas de promoción do turismo local en colaboración con outras empresas e entidades (ver informe de actividades no anexo IV).

No mes de maio asinou un convenio de colaboración coa Administración autonómica para aloxar a emigrantes retornados do programa *Vive a costa* a partir do 1 de xullo.

Os niveis de ocupación e venda de servizos do ano 2011 foron inferiores aos esperados antes da vertedura, segundo a tendencia histórica do negocio (ver táboas de servizos prestados 2008-2011). Por esta razón o período de reclamación comprende desde o 17 de decembro de 2010 ao 31 de decembro de 2011.



Fuente: Ardora Formación y Servicios, S. Coop. Galega

O volume de vendas do período de reclamación, para os servizos de aloxamento, restauración e cafetería dos meses estimados, así como o volume de vendas na mesma época dos tres anos anteriores reflíctese no seguinte cadro:

SERVIZOS DE ALOXAMENTO		
PERÍODO		17 Ao 31 DE DECEMBRO
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	235
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	14.100,00 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	251
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	15.060,00 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	55
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	3.300,00 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	-
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	-

SERVICIOS DE RESTAURACIÓN		
PERÍODO		17 Ao 31 DE DECEMBRO
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	784
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	11.760,00 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.032
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	15.480,00€
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	108
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	1.620,00 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	-
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	-

SERVICIOS DE CAFETERÍA		
PERÍODO		17 Ao 31 DE DECEMBRO
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.325
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	2.650,00 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.927
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	3.854,00 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	181
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	362,00 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	1325
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	2.650,00 €

A continuación relaciónanse as vendas e volume de negocios durante os períodos non reclamados, para os últimos tres anos:

SERVICIOS DE ALOXAMENTO							
PERÍODO		Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maiο	Xuño
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	124	136	126	111	223	302
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	7.440 €	8.160 €	7.560 €	6.660 €	13.380 €	8.120 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	157	188	170	318	459	699
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	9.420 €	11.280 €	10.200 €	19.080 €	27.540 €	41.940 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	188	196	237	416	558	897
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	11.280 €	11.760 €	14.220€	24.960 €	33.480 €	53.820 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	120	138	103	297	317	502
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	7.200 €	8.280 €	6.180 €	17.820 €	19.020 €	30.120 €

SERVIZOS DE ALOXAMENTO								
PERÍODO		Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	TOTAL
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	623	1.280	501	200	110	470	4.206
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	37.380 €	76.800 €	30.060 €	12.000 €	6.600 €	28.200 €	252.360 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	860	1.350	659	248	239	502	5.849
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	51.600 €	81.000 €	39.540 €	14.880 €	14.340 €	30.120 €	350.940 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.301	1.388	601	290	155	403	6.630
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	78.060 €	83.280 €	36.060 €	17.400 €	9.300 €	24.180 €	397.800 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	870	916	518	201	79	450	4511
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	52.200 €	54.960 €	31.080 €	12.060 €	4.740 €	27.000 €	270.660 €

SERVICIOS DE RESTAURACIÓN							
PERÍODO		Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	259	270	590	310	751	900
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	3.885 €	4.050 €	8.850 €	4.650 €	11.265 €	13.500 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	390	377	605	1.207	1.045	1.312
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	23.400 €	22.620 €	36.300 €	72.420 €	62.700 €	78.720 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	390	377	899	1.207	1.545	1.904
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	23.400 €	22.620 €	53.940 €	72.420 €	92.700 €	114.240 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	129	108	344	456	543	618
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	7.740 €	6.480 €	20.640 €	27.360 €	32.580 €	37.080 €

SERVICIOS DE RESTAURACIÓN								
PERÍODO		Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	TOTAL
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.092	1.886	1.088	709	290	980	9.125
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	16.380 €	28.290 €	16.320 €	10.635 €	4.350 €	14.700 €	136.875 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.546	2.459	1.267	899	378	1.290	12.775
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	92.760 €	147.540 €	76.020 €	53.940 €	22.680 €	77.400 €	766.500 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	2.099	2.458	1.267	899	479	1.076	14.600
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	125.940 €	147.480 €	76.020 €	53.940 €	28.740 €	64.560 €	876.000 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.165	1.766	898	675	238	834	7.774
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	69.900 €	105.960 €	53.880 €	40.500 €	14.280 €	50.040 €	466.440 €

SERVICIOS DE CAFETERÍA							
PERÍODO		Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	678	871	909	655	1.123	1.367
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	1.356 €	1.742 €	1.818 €	1.310 €	2.246 €	2.734 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	876	1.098	1.011	760	1.349	1.589
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	1.752 €	2.196 €	2.022 €	1.520 €	2.698 €	3.178 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	1.754	1.922	1.678	1.843	1.820	1.984
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	3.508 €	3.844 €	3.356 €	3.686 €	3.640 €	3.968 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	560	567	654	1.054	1.297	1.274
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	1.120 €	1.134 €	1.308 €	2.108 €	2.594 €	2.548 €

SERVICIOS DE RESTAURACIÓN								
PERÍODO		Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	TOTAL
2008	Nº UNIDADES VENDIDAS	4.230	5.690	3.980	998	654	1.657	22.812
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	8.460 €	11.380 €	7.960 €	1.996 €	1.308 €	3.314 €	45.624 €
2009	Nº UNIDADES VENDIDAS	5.987	7.654	5.540	1.987	1.678	2.408	31.937
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	11.974 €	15.308 €	11.080 €	3.974 €	3.356 €	4.816 €	63.874 €
2010	Nº UNIDADES VENDIDAS	7.498	8.213	5.987	2.765	2.789	1.809	40.062
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	14.996 €	16.426 €	11.974 €	5.530 €	5.578 €	3.618 €	80.124 €
2011	Nº UNIDADES VENDIDAS	5.548	6.987	4.332	1.623	1.965	1.658	27.519
	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	11.096 €	13.974 €	8.664 €	3.246 €	3.930 €	3.316 €	55.038 €

NOTA: O total de volume de negocios sen IVE deberá corresponder ao volume de negocios da conta de explotación anual.

A evolución do volume de negocio é diferente para os servizos de aloxamento, restauración e cafetería, e móstrase na seguinte táboa:

EVOLUCIÓN DO VOLUME DE NEGOCIO 2008-2001				
	CONCEPTO	CAFETERÍA	RESTAURACIÓN	ALOXAMENTO
2008	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	45.624,00 €	136.875,00 €	252.360,00 €
2009	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	63.874,00 €	766.500,00 €	350.940,00 €
2010	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	80.124,00 €	876.000,00 €	397.800,00 €
2011	VOLUME DE NEGOCIO SEN IVE	55.038,00 €	466.440,00 €	270.660,00 €
	REDUCCIÓN DE VENDAS en 2011 EN RELACIÓN CON 2010 (%)	31,3	46,8	32,0

Medidas destinadas a reducir as perdas ao mínimo

Explicarase, no seu caso, cales foron as actuacións encamiñadas a evitar ou reducir as perdas, por exemplo, realización de actividades alternativas.

O reclamante adoptou as seguintes medidas, co fin de minimizar as perdas:

1. Participación económica na edición do audiovisual: *A costa de Concordia, mellor que nunca*, promovido por entidades asociativas locais para difundir información sobre o estado de recuperación da costa trala vertedura e atraer ao turismo.
2. En espera de cambios na evolución da demanda de servizos non se produciron novas contratacións de persoal indefinido durante o exercicio 2011.

A única medida adoptada que supuxo un custo adicional foi a participación na edición do audiovisual indicado no punto 1, por un importe de 650 euros, IVE non incluído.

Valor da perda

A estimación de perdas do volume de negocios sen IVE corresponde á diferenza entre o volume de negocios sen IVE durante o período cuberto pola reclamación de indemnización e o volume de negocios sen IVE que se debiera ter obtido neste mesmo período de non terse producido o sinistro (desde o 17 de decembro de 2010 ao 31 de decembro de 2011).

Na táboa anterior pode apreciarse unha redución do volume de vendas en relación co ano precedente que afecta aos tres servizos. Dada a evolución crecente do negocio nos anos anteriores, para o cálculo da indemnización a solicitar en relación con cada un dos servizos para o período 2011 tomouse como referencia o volume de negocio do ano 2010 entendendo que, de non ser pola vertedura, e desprezando o efecto de perdas dos días 17 a 31 de decembro de 2010, como mínimo alcanzouse a dita facturación.

ESTIMACIÓN DE PERDA DO VOLUME DE NEGOCIO 17 Ao 31 DE DECEMBRO DE 2010			
	CAFETARÍA	RESTAURACIÓN	ALOXAMENTO
VOLUME DE NEGOCIO DO 17 Ao 31 DE DECEMBRO 2009	3.854,00 €	15.480,00 €	15.060,00 €
VOLUME DE NEGOCIO 17 Ao 31 DE DECEMBRO 2010	362,00 €	1.620,00 €	3.300,00 €
% DE PERDA	90,61	89,53	78,09
VALOR DE PERDA €	3.492,00 €	13.860,00 €	11.760,00 €

Para as perdas do período 17 a 31 de decembro de 2010 o importe da reclamación calculouse aplicando as porcentaxes de redución de vendas de cada servizo ao volume de negocio (sen IVE) do ano anterior, e descontando a parte proporcional dos custos variables.

ESTIMACIÓN DE PERDA DO VOLUME DE NEGOCIO 2011			
	VOLUME DE NEGOCIO ANO 2010	%	ESTIMACIÓN DE PERDA
ALOXAMENTO	397.800,00 €	32,0	127.296,00 €
RESTAURACIÓN	876.000,00 €	46,8	409.968,00 €
CAFETARÍA	80.124,00 €	31,3	25.078,81 €

ESTIMACIÓN DE PERDA DO VOLUME DE NEGOCIO NO PERÍODO DE RECLAMACIÓN			
	PERDAS 2011	PERDAS 2010	TOTAL POR SERVICIOS
ALOXAMENTO	127.296,00 €	11.760,00 €	139.056,00 €
RESTAURACIÓN	409.968,00 €	13.860,00 €	423.828,00 €
CAFETARÍA	25.078,81 €	3.492,00 €	28.570,81 €

Custos variables do negocio. Aforros efectuados debido ao sinistro

Os custos variables son aqueles que se modifican en función do volume de negocios ou nivel de actividade. Nesta epígrafe detallaranse todos aqueles gastos variables da actividade, relacionados con subministracións, man de obra, servizos ou outros gastos, calquera que sexa a súa natureza. Posteriormente descontarase a parte proporcional deses custos variables no importe de perda de volume de negocio estimada, xa que non se incorreu neles.

CUSTOS VARIABLES 2010			
CONCEPTO	ALOXAMENTO	RESTAURACIÓN	CAFETARÍA
Persoal	13,00%	18,00%	16,50%
Mercancías	2,00%	6,00%	3,00%
Auga	2,55%	4,00%	4,00%
Enerxía	6,00%	3,00%	2,50%
Servizos de telefonía	2,00%	0,05%	0,05%
Servizos de lavandería	5,00%	2,50%	0,00%
TOTAL	30,55%	33,55%	26,05%

Neste caso tómanse como referencia os custos variables do ano 2010, pois é o que servirá de base para o cálculo da indemnización.

PERDAS SUFRIDAS			
CÁLCULO	ALOXAMENTO	RESTAURACIÓN	CAFETARÍA
Estimación de perda do volume de negocios (sen IVE) (A)	139.056,00 €	423.828,00 €	28.570,81 €
Custos variables en relación co volume de negocio (%) (B)	30,55 %	33,55 %	26,05 %
Dedución de custos variables da estimación de perda (C) = (A)*(B)	42.481,61 €	142.194,29 €	7.442,70 €
Contía das perdas sufridas (A) - (C)	96.574,39 €	281.633,71 €	21.128,12 €
TOTAL	399.336,21 €		

Outros gastos

En caso de ter incorrido noutros gastos, especificaranse conceptos e importes neste apartado.

Nas reclamacións por perdas económicas o FIDAC non require que a documentación sexa certificada por un notario, polo que non aceptarían os gastos incorridos por ese concepto.

Ingresos de substitución

Detallaranse todos os ingresos por actividades de substitución ou alternativas que o reclamante perciba durante o período de reclamación.

Non se percibiron ingresos de substitución durante o período de reclamación.

Indemnización solicitada

A última epígrafe da memoria incluírá unha táboa coa contía total da reclamación, separada por conceptos. Ao longo da memoria deberá especificarse a metodoloxía utilizada para a realización do cálculo da contía solicitada como indemnización en cada caso.

A contía solicitada en concepto de indemnización por perdas económicas correspóndese co lucro cesante derivado da diminución do volume de ingresos durante o período de reclamación por mor da cancelación de reservas e a diminución do número de visitantes na zona provocados pola incidencia da vertedura sobre os recursos turísticos.

CONTÍA DA RECLAMACIÓN*	
CONCEPTO	IMPORTE €
Perda de negocio	399.336,21 €
Custos destinados a reducir as perdas	650,00 €
Ingresos de substitución	0,00 €
Outros custos	0,00 €
TOTAL	399.986,21 €

*Os custos variables deducíronse anteriormente.

Anexos

Incluirase unha relación dos documentos presentados para apoiar a solicitude de indemnización, que facilite a localización da información detallada na memoria.

Algúns exemplos de posible documentación a anexar:

- Copia actualizada de inscrición no rexistro mercantil ou rexistro análogo actualizada (menos de tres meses)
- Copia dos estatutos e certificado de depósito
- Mapa de emprazamento das instalacións e fotografías
- Documentación xustificativa da calidade da oferta e prezos: listado oficial de tarifas, folletos informativos, directorios de buscadores web onde figure a oferta de servizos, etc.
- Datos de facturación dos tres últimos anos: volume de clientes, prezos e períodos de demanda
- Declaracións tributarias e documentos contables dos tres últimos exercicios
- Informe de retribucións abonadas, con desagregación por persoa asalariada
- Nóminas
- Detalle dos cálculos de custos variables para cada tipo de actividade da empresa

Algúns exemplos de posible documentación a anexar:

- Copia da póliza de seguro da empresa
- Informes de demanda turística no litoral afectado, con indicación de ratios de excursións e estancias (pernoctas/100 habitantes)
- Informes de ocupación hoteleira dos tres últimos anos
- Informes de gasto diario medio por persoa en excursións e estancias

4.5. Custos das medidas destinadas a prever as perdas puramente económicas

4.5.1. Consideracións xerais

É posible solicitar unha indemnización polo custo das medidas destinadas a prever ou contrarrestar os efectos negativos da contaminación sobre a actividade económica dos sectores da pesca e o turismo. A finalidade desta indemnización é que as persoas ou entidades afectadas por unha vertedura tomen medidas que axuden a reducir ao mínimo as perdas puramente económicas que darían dereito a unha compensación en virtude dos Convenios de 1992, e que se describiron nas epígrafes 4.3 e 4.4.

Requisitos e condicións que deben cumprir as medidas para dar dereito a indemnización:

1. **Custo razoable:** acorde cos prezos de mercado e proporcional aos danos ou perdas que se pretende mitigar.
2. **Posibilidade razoable de éxito:**
 - Se se trata de medidas para restablecer a confianza nos produtos do mar só deben adoptarse logo de descontaminar os caladoiros e que o risco de contaminación posterior sexa escaso ou inexistente.

Requisitos e condicións que deben cumprir as medidas para dar dereito a indemnización:

- No caso de campañas para a promoción do turismo na zona afectada, realizaranse unha vez os espazos afectados se atopen novamente en condicións de uso turístico.
- 3. Especificidade:** Deben estar encamiñadas a contrarrestar os efectos negativos da contaminación de forma inequívoca. Non se aceptan medidas ou actividades promocionais de carácter xeral.
 - 4. Coordinación:** Se varios organismos públicos emprenden medidas relacionadas cos mesmos efectos negativos, estas terán que coordinarse adecuadamente para asegurarse de que non haxa duplicación de esforzos.
 - 5. Execución:** Normalmente non se aceptan este tipo de reclamacións ata que as medidas sexan postas en práctica.
 - 6. Comportamento do reclamante:** Tense en conta a actitude adoptada polo reclamante nos seus contactos cos medios de difusión despois do sinistro e, en particular, se a dita actitude incrementou os efectos negativos da contaminación.

4.5.2. Recomendacións

1. Poñerse en contacto con outras entidades afectadas, se as houberse, para tratar de executar as medidas de forma coordinada, evitando solapamentos que dificulten a reclamación.
2. Realizar unha consulta previa ao FIDAC acerca da adecuación das medidas propostas aos requisitos exigibles para a indemnización, enviando unha memoria descriptiva detallada con anterioridade á execución.

4.5.3. Memoria de actuacións e gastos. Caso práctico

A finalidade da memoria explicativa que acompaña á solicitude de indemnización é describir e xustificar as medidas postas en marcha para mitigar as perdas económicas, así como expoñer os resultados previstos e/ou obtidos.

Contidos da memoria:

- Contextualización
- ☐ Descrición das medidas adoptadas
- ☐ Custo das medidas adoptadas
- Campañas normais de comercialización
- ☐ Resultados
- ☐ Anexos

☐

☐

●

☐

☐

●

☐

☐

●

☐

☐

Co fin de ilustrar os distintos apartados a desenvolver nunha memoria de actuacións e gastos descríbese un caso ficticio de medidas adoptadas por Asociación de Empresas da Rexión de Concordia que agrupa a entidades e profesionais dunha zona de litoral afectada por unha vertedura de hidrocarburos.

Contextualización

Descríbase o contexto no que se desenvolveron as medidas.

A Asociación de Empresas da Rexión de Concordia foi creada no ano 2003 e agrupa a 456 entidades privadas que proporcionan emprego a 2.726

persoas (datos actualizados a 31 de decembro de 2010). O 98% son pemes e micropemes. Do total de empresas, un 68% pertence ao sector turístico e un 22% ao sector marítimo pesqueiro (ver listado de empresas socias por sector de actividade en anexo I).

As empresas socias viron seriamente afectadas os seus ingresos a consecuencia da vertedura do petroleiro Zanzíbar en decembro de 2010 no ámbito territorial da costa de Concordia. A directiva da asociación recibiu continuas solicitudes de posta en marcha de medidas destinadas a

contrarrestar os efectos desta situación.

A asemblea xeral da Asociación de Empresas da Rexión de Concordia, reunida con carácter extraordinario o 15 de marzo de 2011, co fin de acordar medidas para contrarrestar os efectos negativos da contaminación do petroleiro Zanzíbar sobre a economía dos produtos pesqueiros e o turismo da zona acordou por unanimidade a aprobación da proposta nº 2 da orde do día denominada Realización dun vídeo promocional da Costa de Concordia (achégase acta da asemblea, anexo II).

Descrición das medidas adoptadas

As medidas adoptadas consisten na edición e distribución do vídeo promocional *A costa de Concordia, mellor que nunca*. Trátase dun audiovisual de oito minutos de duración destinado ao mercado nacional e portugués, rodado en español con subtítulos en galego, portugués e inglés que mostra o estado de recuperación dos recursos turísticos da costa de Concordia trala vertedura do petroleiro Zanzíbar en decembro de 2010.

A finalidade é demostrar a recuperación dos espazos naturais e os produtos do mar da zona litoral afectada con intención **de recuperar a demanda turística**. A demostración basearase en dous aspectos fundamentais:

1. A gastronomía é unha das fortalezas do atractivo turístico da zona. O documental conta coa presenza de dez figuras internacionais do mundo do deporte, a cultura e a ciencia que lanzan unha mensaxe positiva acerca da seguridade e a calidade dos produtos do mar da zona trala súa recuperación.
2. Os espazos naturais do litoral están recuperados e en condición de uso e goce para a actividade turística. Ofreceranse imaxes das actividades que poden levarse a cabo.

O público obxectivo é o potencial turista da zona. Actualmente, o 90% dos visitantes proceden do territorio nacional e norte de Portugal, polo que a distribución do audiovisual diríxese a este sector da poboación.

A distribución dirixírase principalmente a turoperadores, oficinas de información turística e axencias de viaxes, ben de forma directa ou a través de feiras. Achégase calendario de presentación en feiras de turismo e aos medios de comunicación.

A gravación da peza realizouse en formato de vídeo dixital HDV, o que garante unha calidade óptima para a súa emisión, tanto en televisión como en internet.

Editáronse 2000 copias en formato DVD con portada branda. Achégase un exemplar.

A realización do audiovisual tivo lugar entre os meses de abril e maio de 2011 en dezaoito localizacións da costa de Concordia.

O proceso de distribución iniciouse en xuño de 2011 e prolongarase ata decembro de 2012.

Custo das medidas adoptadas

Indicarase o custo das medidas adoptadas, indicando a que concepto corresponde cada partida. Achegaranse orzamentos solicitados, facturas e documentación acreditativa dos pagamentos efectuados (xustificante de transferencias bancarias). No caso de que as medidas sexan adoptadas con persoal propio, especificaranse os datos das persoas traballadoras, a imputación de horas, custo de salarios, seguridade social, materiais, etc.

CUSTO AUDIOVISUAL PROMOCIONAL	
PRODUCCIÓN E EDICIÓN	17.000,00 €
DESPRAZAMENTOS PERSONALIDADES	6.450,00 €
DISTRIBUCIÓN	15.000,00 €
TOTAL	38.450,00 €

Achéganse orzamentos solicitados para a realización do audiovisual, así como facturas detalladas dos distintos conceptos (anexo III a X).

Campañas normais de comercialización

Indicarase a natureza, público destinatario e importe das campañas de comercialización que realiza habitualmente a entidade. Incluiranse como anexos as facturas correspondentes.

A asociación non realiza habitualmente campañas de comercialización de produtos, pero participou no financiamento das seguintes promocións puntuais:

ANO	CAMPAÑA	NATUREZA	PÚBLICO DESTINATARIO	IMPORTE
2006	<i>De tapas en Concordia</i>	Promoción de negocios de restauración	Consumidores locais	3.500,00 €
2008	<i>Nadal en Concordia</i>	Promoción do comercio detallista	Consumidores locais	8.000,00 €
2010	<i>A túa compra, xusta</i>	Promoción de produtos de comercio xusto	Consumidores locais	12.000,00 €

Resultados

Indicaranse os resultados das medidas adoptadas, se se dispón deles.

Non se dispón de resultados definitivos acerca do impacto do audiovisual, dado que aínda non finalizou o proceso de presentación e distribución.

Non obstante, si podemos adiantar datos do tráfico xerado na rede a data 15 de setembro de 2011: o número de visitas e descargas do audiovisual nas webs ascende a 9.820 e 3.128, respectivamente.

Segundo os datos da oficina de turismo local, a ocupación hoteleira media durante a tempada alta estival correspondente a 2011 foi dun 72%, valor inferior ao 87% alcanzado en 2010, pero superior ao 38% da ocupación durante a Semana Santa de 2011 (97% na Semana Santa de 2010).

Anexos

Incluirase unha relación dos documentos presentados para apoiar a solicitude de indemnización, que facilite a localización da información detallada na memoria.

Algúns exemplos de posible documentación a anexar:

- [?][?] ● [?][?]
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]
-
- [?]
- [?]

-
- [?]
- [?]

	ocional
D	Orzamentos de empresas de produción documental
V	Facturas
D	Xustificantes de pagamento de facturas (recibos de transferencias bancarias)
c	Acta de asemblea xeral extraordinaria na que se acordou a realización do documental
o	
n	Listado de empresas socias con indicación de sectores de actividade
v	Estatutos da organización
í	Modelo de invitación e carta de agradecemento a persoas que colaboran no vídeo
d	
e	Calendario de eventos de presentación do audiovisual
o	Directorio de webs nas que se pode visualizar e/ou descargar o audiovisual
p	
r	
o	
m	

Algúns exemplos de posible documentación a anexar:

- Informe estatístico de tráfico de acceso ao audiovisual na rede
- Informe de demanda turística no litoral afectado, con indicación de ratios de excursións e estancias (pernoctas/100 habitantes) e procedencia de visitantes
- Informes de ocupación hoteleira local dos tres últimos anos

4.6. Danos ao medio ambiente e estudos posteriores á vertedura

4.6.1. Consideracións xerais

Neste capítulo abordaremos as reclamacións por dano ao medio ambiente e custo dos estudos posteriores á vertedura.

O obxecto da indemnización é a perda de beneficios resultante do devandito deterioro e os custos das medidas razoables de restauración efectivamente tomadas ou que vaian tomarse.

Algúns exemplos de situacións que dan lugar a este tipo de reclamacións:

1. Diminución de ingresos dun parque mariño ou reserva natural que cobra a entrada ao público.
2. Redución de capturas de especies comerciais mariñas directamente afectadas polos hidrocarburos.
3. Necesidade de avaliación da natureza e magnitude dos danos ambientais que xustifique a realización de estudos de campo.
4. Necesidade de avaliación de viabilidade, eficacia e da implantación de posibles medidas de restauración que xustifique a realización de probas, ensaios ou estudos.

O ámbito de indemnización por este tipo de danos comprende, ademais, dúas liñas de actuación: medidas de restauración e estudos.

1. MEDIDAS DE RESTAURACIÓN:

Actuacións destinadas a mejorar los procesos naturales que refuercen la rapidez de la regeneración natural

OBJETIVOS

Restablecer una comunidad biológica en la que los organismos característicos de la misma en el momento del siniestro estén presentes y funcionen normalmente

CARACTERÍSTICAS QUE DEBE REUNIR

- Acelerar considerablemente el proceso de regeneración
- Resultar técnicamente viables
- Su coste debe ser proporcional a la magnitud y duración de los daños, y a los beneficios que sea probable obtener
- Procurar prevenir nuevos daños como resultado del siniestro
- No provocar el deterioro de otros hábitats o consecuencias adversas para otros recursos naturales o económicos

2. ESTUDIOS

OBJETIVOS

Determinar la naturaleza y magnitud de los daños ambientales ocasionados por un derrame de hidrocarburos, y/o determinar si las medidas de restauración son necesarias y factibles

CARACTERÍSTICAS QUE DEBEN REUNIR

- Realizarse cuando existan pruebas de repercusiones ambientales significativas
- Referirse a daños comprendidos en la definición de daños por contaminación de los Convenios
- Estar diseñados a escala proporcional a la magnitud de la contaminación y efectos previsibles
- Estar realizados con criterios de profesionalidad, rigor científico y equilibrio
- Proporcionar resultados claros, imparciales y documentados
- No repetir innecesariamente otros estudios ya realizados
- Contar con la participación del FIDAC en la planificación y determinación de los parámetros de estudio

Algúns medidas de restauración que se poden levar a cabo:

1. Revexetación dunar con especies autóctonas
2. Colocación de estruturas que favorezan a rexeneración dos espazos danados, como pasarelas de canalización do tráfico peonil nas inmediacións de zonas dunares afectadas
3. Colocación de arrecifes artificiais
4. Vedas temporais
5. Repoboación de especies mariñas con individuos criados en cativeiro ou procedentes de zonas non afectadas, como sementeira de moluscos na zona intermareal ou submareal



Algúns exemplos de estudos:

1. Estimación do impacto ambiental producido pola vertedura de hidrocarburos nas comunidades do intermareal areento da zona afectada.
2. Presenza e cuantificación de hidrocarburos en contornas dunares dos areas afectados pola vertedura.
3. Estudo experimental da efectividade de distintas estruturas para a captación de area en contornas dunares danadas pola vertedura.

4.6.2. Recomendacións

1. Informar ao FIDAC da intención de executar medidas de restauración e/ou estudos de avaliación, e solicitar a súa participación na planificación das actuacións.
2. Solicitar a información existente acerca de medidas de

restauración e estudos levados a cabo en situacións similares que poidan servir de modelo para as actuacións a realizar na zona afectada.

3. Creación dun comité por parte da Administración competente que proxecte e coordine os estudos e/ou medidas de restauración.
4. Xustificar e documentar claramente a relación entre as medidas adoptadas e o medio afectado por contaminación. As medidas de restauración adoptadas a certa distancia, pero dentro das proximidades da zona danada poden ser aceptables, sempre que se poida demostrar que, de feito, reforzan a rexeneración dos elementos danados do medio.



4.6.3. Memoria de actuacións e gastos

As reclamacións por perdas económicas resultantes de danos ao medio ambiente deben seguir un modelo similar ao establecido para as perdas puramente económicas (ver epígrafes 4.3 e 4.4).

As reclamacións por medidas de restauración adecúanse ao modelo establecido para as reclamacións por custos de limpeza e medidas preventivas, con lixeiras variacións.

É importante acompañar a solicitude de indemnización cunha memoria de xustificación das actuacións levadas a cabo que inclúa os gastos asociados.

Contidos da memoria

Os contidos das memorias de xustificación para reclamacións por perdas económicas derivadas de danos ao medio ambiente son os que se describen nos modelos das epígrafes 4.3.3 e/ou 4.4.3.

! recuerda

1. A participación do Fondo na planificación dos estudos ambientais non garante que calquera medida de restauración proposta ou emprendida posteriormente dea dereito a indemnización.
2. O feito de que un estudo posterior a un derramo demostre que non ocorreron danos ambientais significativos a longo prazo, ou que non é necesaria ningunha medida de restauración, non exclúe de seu a indemnización polos custos do estudo.

As memorias de xustificación para reclamacións por medidas de restauración e estudos resultantes de danos ao medio ambiente poden asimilarse, con adaptacións específicas, ao modelo descrito para reclamacións por custos de limpeza e medidas preventivas.

Contidos da memoria::

?? ● ?? ● ?? ● ??

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

?

?

●

C
o
n
t
e
x
t
u
a
l
i
z
a
c
i

ón
Descrición e xustificación das medidas ou estudos
Custos de persoal
Equipos e maquinaria
Outros gastos
Loxística
Materiais
Solicitud de indemnización
Anexos
Relación de documentación de apoio

Contextualización

Realizarase unha descrición da zona afectada polo derramo, con información sobre a magnitude, distribución e nivel de contaminación e

recursos afectados polos hidrocarburos. Achegaranse mapas ou cartas náuticas, fotografías, vídeos ou outros medios de rexistro. Tamén se incluírán probas analíticas e/ou doutro tipo que establezan a relación entre a contaminación e o buque que interveu no sinistro (análise química das mostras de hidrocarburos, descrición de ventos, información de mareas e correntes, rexistros de observación e traxectoria dos movementos dos hidrocarburos flotantes, etc.).



Xustificación e descrición das medidas adoptadas ou estudos realizados

No caso de medidas de restauración proporcionarase información que xustifique as intervencións realizadas. Durante o período de execución cubrirase periodicamente unha ficha de seguimento, na que se detallarán os tramos de actuación, persoal asignado, maquinaria, horarios, rendementos e observacións (anexo 15).

1. Xustificación e criterios para a implantación das medidas

Convén facer referencia a informes técnicos e científicos e outras evidencias que xustifiquen as medidas de restauración executadas, con indicación de datas e lugares. Achegarase a documentación que se considere relevante.

2. Descrición dos procedementos de actuación

Descríbese o procedemento de actuación para cada unha das medidas adoptadas.

Convén achegar un catálogo fotográfico dos distintos procedementos de actuación, con fotografías antes, durante e logo da execución.

3. Medios mecánicos e efectivos empregados

Relación de medios mecánicos, con indicación de características e funcións.

Indicación da man de obra empregada, desagregada por categorías profesionais.

Recoméndase achegar un catálogo fotográfico dos distintos tipos de maquinaria empregada.

4. Incidencias e observacións

Desviacións, medidas correctoras, imprevistos, etc.

5. Resultados obtidos

Especificaranse os resultados obtidos, utilizando preferiblemente indicadores cuantitativos.

MEDIDAS DE RESTAURACIÓN. CADRO XERAL					
ACTUACIÓN		REVEXETACIÓN CON Ammophila. <i>arenaria</i>	COLOCACIÓN DE CAPTADORES DE AREA	COLOCACIÓN DE PASARELAS PEONIS	SEMENTEIRA DE MOLUSCOS NO INTERMAREAL
DATA INICIO					
DATA FIN					
SUPERFICIE OU LONXITUDE (m ² ou m)					
RENDEMENTO DIARIO (m ² ou m)					
Nº EFECTIVOS TOTAL					
MAQUINARIA	TIPO				
	NÚMERO				
	TOTAL				

No caso dos estudos xustificarse a necesidade da súa realización (existencia de probas de repercusións ambientais significativas, inexistencia de estudos previos de carácter similar, necesidade de avaliación de eficacia de posibles medidas a adoptar, etc.). Describiranse os obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións esperados ou obtidos.

Custos de persoal

Describiranse os custos de persoal propio ou contratado, con especificación de categorías profesionais, número de horas, custo por hora, etc., de forma análoga á indicada no apartado custos de persoal da epígrafe 4.1.3 (memoria descritiva de custos de limpeza e medidas preventivas).

Equipos e maquinaria

Descríbanse os custos debidos a equipos e maquinaria de forma análoga á indicada no apartado correspondente da epígrafe 4.1.3 (memoria descritiva de custos de limpeza e medidas preventivas), coa salvidade de que non se considera a modalidade de maquinaria dispoñible *in situ*. Xa que logo, imputaranse custos por aluguer de maquinaria e/ou por uso de maquinaria propia. Neste último caso calcularanse as tarifas diarias en relación con períodos de amortización correspondentes ao uso da maquinaria en condicións normais.

Materiais

No caso das medidas de restauración poderán incluírse gastos de adquisición de materiais para a execución das obras, como áridos, madeira, especies vexetais ou animais, etc. Indicaranse cantidades, custos unitarios, empresas subministradoras, etc.

Loxística

Considéranse os gastos de infraestrutura e transporte de persoas, equipos e ferramentas destinados á execución dos estudos ou as medidas de restauración, de forma similar á indicada no apartado correspondente da epígrafe 4.1.3 (memoria descritiva de custos de limpeza e medidas preventivas).

Outros gastos

Poden incluírse outros gastos non considerados con anterioridade, nos que se incorreu necesariamente para a posta en marcha das medidas de restauración, como materiais inventariables, equipos de protección individual, material de seguridade e gastos de asesoramento (ver apartado outros gastos da epígrafe 4.1.3 (memoria descritiva de custos de limpeza e medidas preventivas)).

Convén non esquecer, en todo caso, que deben ser razoables e proporcionais á magnitude do dano que se pretende mitigar.

Contía da reclamación

Na última epígrafe da memoria presentarase unha táboa coa contía total da reclamación, desagregada por conceptos:

CONTÍA DA RECLAMACIÓN	
CONCEPTO	IMPORTE EN EUROS
Persoal	
Aluguer de equipos e maquinaria	
Uso de equipos e maquinaria propios	
Materiais (áridos, madeira, plantas, etc.)	
Loxística	
Outros gastos	
TOTAL	

Anexos

Incluirase unha relación dos documentos presentados para apoiar a solicitude de indemnización, que facilite a localización da información detallada na memoria.

5. BIBLIOGRAFÍA

- Agencia Tributaria. *Sociedades 2010. Manual práctico*. Ministerio de Economía y Hacienda, Gobierno de España, 2010.
- Brittany Region. *Operational guidelines dedicated to local governments*. ARCOPOL, novembro de 2011.
- Brittany Region e colaboradores. *Preparing a common methodology for evaluating ecological damage*. ARCOPOL, outubro de 2010.
- Centre of Documentation, Research and Experimentation on Accidental Water Pollution-CEDRE. *Local Authorities guide. What to do in the event of a spill?*. Outubro de 2011.
- Centre of Documentation, Research and Experimentation on Accidental Water Pollution-CEDRE, MG/NBM Technical adviser for the French region. *Compensation allocated to the fishing and mariculture sector*. Outubro de 2011.
- European Maritime Safety Agency-EMSA. *EU states claims management guidelines. Claims arising due to maritime pollution incidents*. Febreiro de 2010.
- Fernández Quirós, Tomás. *Responsabilidad civil por daños derivados de la contaminación marítima por Hidrocarburos: algunas consideraciones generales a propósito del «Prestige»*. Actualidad Jurídica Uría&Menéndez, nº 5, 2003.
- Fondo internacional de indemnización de daños debidos a la contaminación por hidrocarburos de 1992. *Guía para la implementación del Fondo SNPP*. Septiembre de 2005.
- Fondo internacional de indemnización de daños debidos a la contaminación por hidrocarburos de 1992. *Informe sobre recepción de hidrocarburos sujetos a contribución*. Outubro de 2006.
- Fondo internacional de indemnización de daños debidos a la contaminación por hidrocarburos de 1992. *Manual de reclamaciones*. Decembro de 2008.
- Fondo internacional de indemnización de daños debidos a la contaminación por hidrocarburos de 1992. *Orientaciones técnicas para evaluar las reclamaciones del sector de la pesca*. Decembro de 2008.

- Fondo internacional de indemnización de daños debidos a la contaminación por hidrocarburos de 1992. *Orientaciones para presentar reclamaciones en los sectores de pesquerías, maricultura y elaboración de pescado*. Decembro de 2008.
- IPIECA//ITOPF. *Indemnización por derrames de hidrocarburos. Una guía para los convenios internacionales sobre responsabilidad e indemnización por daños producidos por derrames de hidrocarburos*. Febreiro de 2007.
- Rabuteau, Y., Mangold J. *Claims and compensation for oil pollution damage through the IOPC Fund and other procedures*. ARCOPOL, xullo de 2011.
- Rabuteau, Y., Mangold J. *Comparative study of situations regarding environmental damages*. 2010. Allegans&VIGIPOL, outubro de 2010.
- *REAL DECRETO 1795/2008, de 3 de noviembre, por el que se dictan normas sobre la cobertura de la responsabilidad civil por daños causados por la contaminación de los hidrocarburos para combustible de los buques*. B.O.E. 278, 18 de novembro de 2008.
- *Real Decreto 1616/2011, de 14 de noviembre, por el que se regula el seguro de los propietarios de los buques civiles para reclamaciones de derecho marítimo*. B.O.E. 275, 15 de novembro de 2011.
- Rodrigo de Larrucea, J. *Nuevos esquemas de responsabilidad civil por daños de contaminación marina: El Convenio BUNKERS 2001 y el Convenio HNS 96*. TRANSMAR - Grup de recerca de transport marítim i logística, Universitat Politècnica de Catalunya, xullo de 2011.
- Ruiz Soroza, J.M. *La responsabilidad civil por daños por contaminación marítima procedente de buque*. Boletín informativo de la Asociación de Navieros Españoles- ANAVE, maio de 2001.
- Villamor, Begoña, y colaboradores. *Operatividad de las artes de pesca, cerco y línea de mano ante la presencia de fuel en el Cantábrico*. Informe nº 10. Instituto Español de Oceanografía, 2003.

6.

ANEXO 1. Programación diaria de actuacións

PROGRAMACIÓN DIARIA DE ACTUACIÓN												
RESPONSABLE:												
DATA:												
SITUACIÓN	TAREFAS	MEDIOS HUMANOS				MAQUINARIA						OBSERVACIÓN
						RETROCARGADORAS		CRIBAS DE REMOLQUE		CARRETIILLAS PNEUMÁTICAS		
		TÉCNICO /A RESPONSABLE	CAPATAZ	EQUIPO	Nº OPERARIOS	UNIDADES	REFERENCIA	UNIDADES	REFERENCIA	UNIDADES	REFERENCIA	

ANEXO 2. Relación de persoal con indicación de funcións e responsabilidades

RELACIÓN DE PERSOAL CON DISTRIBUCIÓN DE FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES					
CATEGORÍA PROFESIONAL	NOME	CARGO	FUNCIÓNS	DATA INICIO	DATA FIN
		SUPERVISOR/A	Organización e programación diaria		
		COORDINADOR DE MEDIOS MECÁNICOS	Control de vehículos, maquinaria, medios propios e alugados		
		RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN	Comunicación aos medios e redes sociais		
		RESPONSABLE DE RECURSOS HUMANOS	Xestión de recursos humanos		
			Seguridade e saúde		
		RESPONSABLE DE LOXÍSTICA	Xestión de almacén, manutención e equipamentos		
		RESPONSABLE DE RESIDUOS	Xestión de residuos: transporte e almacenamento		
		RESPONSABLE DE VOLUNTARIADO	Xestión do voluntariado		
		COORDINADOR DE MEDIOS MECÁNICOS	Limpeza con auga a presión		
		RESPONSABLE DE MEDIO AMBIENTE	Recuperación de fauna salvaxe		
			Xestión medioambiental		
		PERSOAL ADMINISTRATIVO	Administración e rexistro		
		PERSOAL ADMINISTRATIVO	Incidencias		
		PERSOAL DE VIXILANCIA E ALERTA	Seguimento do estado do litoral		
		RESPONSABLE DE TALLER	Xestión do taller de reparacións		
		CAPATAZ	Supervisión de equipo nº x		
		PEÓN ESPECIALIZADO	Tarefas de limpeza con auga a presión		
		PEÓN ESPECIALIZADO	Tarefas de limpeza con auga a presión		
		PEÓN ESPECIALIZADO	Tarefas de limpeza con auga a presión		

ANEXO 4. Resumo mensual de custos de persoal por categorías

RESUMO MENSUAL CUSTOS DE PERSOAL							
CONCEPTO	CATEGORÍA						
	ENXEÑEIRO SUPERIOR	ENXEÑEIRO TÉCNICO	LICENCIADO SUPERIOR	DIPLOMADO	CAPATAZ	PEÓN ESPECIALIZADO	PEÓN
PERSONAL CONTRATADO	Nº EFECTIVOS						
	HORAS ORDINARIAS						
	HORAS EXTRAORDINARIAS						
	CUSTO HORA						
	SALARIOS*						
	SEGURIDADE SOCIAL						
	DESPRAZAMENTOS						
	MANUTENCIÓN						
PERSONAL PROPIO	Nº EFECTIVOS						
	HORAS ORDINARIAS						
	HORAS EXTRAORDINARIAS						
	CUSTO HORA						
	SALARIOS*						
	SEGURIDADE SOCIAL						
	DESPRAZAMENTOS						
	MANUTENCIÓN						

* Recomendase achegar unha táboa cos salarios base de cada categoría

ANEXO 6. Folla individual de desprazamentos en vehículo propio, mantención e gastos extraordinarios do persoal

FOLLA PERSOAL DE GASTOS										
MES										
DIA	ITINERARIO	TRABALLO REALIZADO	MEDIO LOCOMOCIÓN	km	IMPORTE km	AUTOPISTA	MANUTENCIÓN	ALOXAMENTO	OUTROS	IMPORTE TOTAL
IMPORTE TOTAL										
LUGAR E DATA										
SINATURA DO TRABALLADOR/ A						SINATURA DO COORDINADOR/A				

ANEXO 7. Relación de maquinaria alugada

MAQUINARIA EN RÉXIME DE ALUGUER								
TIPO DE MÁQUINA	MODELO	PROVEDOR	TAREFAS	DATA ALTA	DATA BAIXA	CUSTO/HORA	Nº HORAS	CUSTO TOTAL
CRIBADORA AUTOPROPULSADA								
MAQUINILLO EIRUGA								
TRACTOR AGRÍCOLA CON CISTERNA								
REMOLQUE								
CAMIÓN GUINDASTRE								
RETROEXCAVADORA								
MINICARGADORA								
GRUPO ELECTRÓXENO								
MÁQUINA HIDROLIMPADORA								
SKIMMER								
MOTOBOMBA								

ANEXO 8. Relación de maquinaria adquirida

MAQUINARIA EN RÉXIME DE ALUGUER												
TIPO DE MÁQUINA	MODELO	MATRÍCULA	PROVEDOR	PREZO COMPRA	PERIODO AMORTIZACIÓN	DATA COMPRA	CUSTO DIARIO USO	DÍAS USO	CUSTOS MANTENIMENTO E REPARACIÓN	CUSTOS ALMACENAMIENTO	VALOR RESIDUAL	CUSTO TOTAL
CRIBADORA AUTOPROPULSADA												
MAQUINILLO EIRUGA												
TRACTOR AGRÍCOLA CON CISTERNA												
REMOLQUE												
CAMIÓN GUINDASTRE												
RETROEXCAVADORA												
MINICARGADORA												
GRUPO ELECTRÓXENO												
MÁQUINA HIDROLIMPADORA												
SKIMMER												
MOTOBOMBA												

ANEXO 9. Control diario de stock de equipos e ferramentas

GASTO DE MATERIAIS TOTAL					
DESCRCIÓN	REFERENCIA	EMPRESA PROVEDORA	UNIDADES	CUSTO UNITARIO	CUSTO TOTAL
EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL					
MONO DE PROTECCIÓN					
LENTES					
LUVAS					
MASCARILLA					
BOTAS DE AUGA					
TRAXES DE AUGA					
FERRAMENTAS					
PAS					
ANCIÑOS					
VARIOS					
LÍQUIDO DESENGRAXANTE					
ROLOS DE PAPEL					
CINTAS ADHESIVAS					
CINTAS DE BALIZAR					
SACOS DE PLÁSTICO					

ANEXO 11. Relación de instalacións

RELACIÓN DE INSTALACIÓN							
USO	MODALIDADE	DIRECCIÓN	SUPERFICIE	CUSTO	DATA ALTA	DATA BAIXA	OBSERVACIÓN
OFICINA							
ALMACÉN DE EPIS E FERRAMENTAS							
TALLER DE REPARACIÓN							
ALMACÉN DE MAQUINARIA							
CASETA OBRA							
WC QUÍMICO							
INTRUCIÓN:							
MODALIDADE	INDICARASE ALUGADO OU PROPIO						

ANEXO 12. Folla individual de uso de vehículos

CONTROL DE USO DE VEHICULOS						
VEHÍCULO (MARCA E MODELO)						MATRÍCULA
MES			CONDUTOR/A			
DIA	HORA INICIO	HORA FIN	ITINERARIO	km	REPOSTAXE COMBUSTIBLE	
					SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/> VOLUME (L)
TOTAL						
LUGAR E DATA						
SIGNATURA DO TRABALLADOR/				SIGNATURA DO COORDINADOR/A		

ANEXO 13. Resumo mensual de control de vehículos

RESUMO MENSUAL CONTROL DE VEHÍCULOS										
GRUPO	MODALIDADE	MARCA E MODELO	REFERENCIA	MATRÍCULA	MAQUINISTA OU CONDUTOR/A	TAREFAS	DATA ALTA	DATA BAIXA	OBSERVACIÓNS	CUSTO
INSTRUCCIÓN										
GRUPO	INDICARASE O TIPO DE VEHÍCULO OU MAQUINARIA: FURGONETA, TODO TERREO, TURISMO, REMOLQUE, Etc...									
MODALIDADE	INDICARASE ALUGADO OU PROPIO									
REFERENCIA	NOME DA EMPRESA DE ALUGUER OU NÚMERO DE INVENTARIO									
TAREFAS	FUNCIÓNS PARA AS QUE SE PRECISA A MAQUINARIA: MOBILIDADE DO PERSOAL, COORDINADORES/AS, ALERTA DE ENTRADA DE CONTAMINACIÓN, ETC.									
OBSERVACIÓNS	AVERÍAS, ALMACENAMENTO,...									

**ANEXO 16. Relación de empresas autorizadas que realizan o
transporte de residuos**

RELACIÓN DE EMPRESAS DE TRANSPORTE DE RESIDUOS							
Nº	NOME	RAZÓN SOCIAL	DIRECCIÓN	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	VOLUME
1							
2							
3							

ANEXO 17. Relación de material inventariable

MATERIAL E MEDIOS							
MEDIO	MODALIDADE	REFERENCIA	UNIDADES	CUSTO	DATA ALTA	DATA BAIXA	OBSERVACIÓNS
VALOS DE OBRA							
VALOS INFORMATIVOS							
SINAIS DE TRÁFICO							
CAIXAS DE 1 ^{OS} AUXILIOS							
EXTINTORES							
COLECTORES							
MODALIDADE	INDICARASE ALUGADO OU PROPIO						
REFERENCIA	NOME DA EMPRESA QUE ALUGA OU NÚMERO DE INVENTARIO						

ANEXO 18. Rendemento diario de actuaciones

RENDEMENTO DIARIO DE ACTUACIONES							
DATA	CUADRILLA	SITUACIÓN	Nº PERSONAS	Nº HORAS	SUPERFICIE LIMPA (m ²)	VOLUMEN RECOLLIDO (m ³)	OBSERVACIONES
	1						
	2						
	3						
	4						
	5						

